

estatuto, garanta a continuidade do hospital «Marqués de Valdecilla» como centro de referencia nacional, para que poida manter e incrementar no futuro o seu alto nivel de actualización asistencial, docente, científica e tecnolóxica.»

Sesaxésimo oitavo. Disposición adicional terceira.

«Disposición adicional terceira.

A celebración de eleccións atenderá ó que dispoñan as Cortes Xerais, co fin exclusivo de coordina-lo calendario das diversas consultas electorais.»

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Baqueira Beret, 30 de decembro de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

30153 *LEI 48/1998, do 30 de decembro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e as telecomunicacións, pola que se incorporan ó ordenamento xurídico español as Directivas 93/38/CEE e 92/13/CEE. («BOE» 313, do 31-12-1998.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presente lei incorpora ó ordenamento xurídico español a Directiva 93/38/CEE, do Consello, do 14 de xuño, sobre coordinación dos procedementos de adxudicación de contratos nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e as telecomunicacións, modificada pola Directiva 98/4/CE do Parlamento Europeo e do Consello e a Directiva 92/13/CEE, do Consello, do 25 de febreiro, sobre coordinación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas referentes á aplicación das normas comunitarias nos procedementos de adxudicación de contratos das entidades que operan nos ditos sectores. A primeira das directivas citadas, á vez que revisa a Directiva 90/531/CEE, que recollía unicamente os contratos de obras e subministración, amplía o ámbito obxectivo desta ó contrato de servizos. Pola súa parte a Directiva 94/4/CE adapta a Directiva 93/38/CEE ó contido do acordo relativo á contratación pública, aprobado en nome da Comunidade Europea polo Consello mediante a Decisión 94/800.

O dereito comunitario europeo previu, en efecto, para os sectores excluídos os citados da auga, a enerxía, os transportes e as telecomunicacións da normativa aplicable ós contratos das administracións públicas, as directivas reguladoras das cales foron obxecto de transposición pola Lei de contratos das administracións públicas, un réxime singular no que concirne a determinados aspectos da ordenación da súa actividade contractual, entre eles a selección do contratista, que, asegurando en todo caso os principios de apertura do mercado principios de publicidade e concorrencia sexan menos estritos e ríxidos cós establecidos nas directivas convencio-

nais reguladoras da contratación das administracións públicas.

A Comisión Europea considerou no seu momento, ponderando, como se preocupou de sinalar, «razóns políticas, estratéxicas, económicas, industriais e xurídicas», que era oportuno introducir criterios orixinais ou específicos no campo contractual dos sectores excluídos, xa que estes, no contexto dos países comunitarios, están xestionados por entidades ou organismos públicos ou privados de maneira indistinta.

Estes criterios especiais, de carácter nivelador ou homoxeneizador do réxime de contratación, traducíronse nun repertorio normativo, de aplicación ós denominados sectores excluídos, en materia de publicidade e selección do contratista, que é común en principio a tódolos operadores destes sectores con independencia da súa procedencia pública ou privada. Esta opción supuxo unha flexibilización, recollida e regulada na presente lei, do réxime de dereito público aplicable en orixe ós organismos e entidades públicas, tomando en consideración o dinamismo xestor imperante nos denominados sectores excluídos, e a ordenación e a disciplina do réxime de contratación aplicable ás entidades privadas, que loxicamente incorpora, así mesmo, a lei, xustificada polo interese público que é propio á vez destes sectores nos que operan gozando de dereitos especiais ou exclusivos.

O resultado, nun punto medio de encontro, é a regulación común a entidades públicas e privadas contida na lei, fundamentalmente en materia de publicidade e selección do contratista, chamada a garanti-los principios de non-discriminación e concorrencia e a conseguinte apertura dos mercados, obxectivo capital ó que apuntan as regulacións emanadas da Unión Europea.

A lei define no capítulo II do seu título I, con estricteza fidelidade ó contido da Directiva 93/38/CEE, o seu ámbito obxectivo de aplicación, concretando tanto a natureza dos contratos que regula coma o seu contido material.

Partindo do enfoque máis arriba indicado, o ámbito subxectivo da lei, tal como especifica o capítulo I do mesmo título I, proxéctase sobre as entidades públicas e privadas, exceptuando sen embargo as administracións públicas e os organismos autónomos, que quedan suxeitos á regulación máis estricteza da Lei de contratos das administracións públicas por razóns de disciplina e control do seu funcionamento, aspectos estes que parece aconsellable primar. Isto é plenamente compatible co dereito comunitario, xa que esta opción garante obviamente os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non-discriminación en materia contractual ó esixirse con maior rigor na esfera estritamente administrativa.

O título II da lei precisa as definicións legais dos conceptos técnicos con incidencia no campo contractual que se regula e a orde de prelación das fontes normativas así mesmo de carácter técnico, acomodando, sempre que iso é posible, a terminoloxía da directiva á que xa é tradicional no noso dereito.

A lei prevé, no seu título III, un sistema potestativo de clasificación de contratistas, o obxectivo ou finalidade do cal será, así mesmo, definido pola entidade contratante, aínda que estea chamado, en principio, tanto a facilita-la selección do contratista como a simplificalo propio procedemento cando opere como medio de convocatoria. Os criterios de clasificación serán tamén de libre elección pola entidade contratante, que deberá asegurar en todo caso a publicidade destes e a non-discriminación entre os aspirantes. Como alternativa, estas entidades poderán, se o desexan, remitirse ó Rexistro Oficial de Contratistas do Ministerio de Economía e Facenda, se é o caso, ós Rexistros Oficiais de Contratistas das Comunidades Autónomas ou a outro sistema de clasificación de terceiros que responda ás súas esixencias.

En canto ós procedementos de adxudicación dos contratos, o título IV da lei distingue os procedementos aberto, restrinxido e negociado, recollidos xa na normativa de contratación das administracións públicas, se ben introduce a novidade de non establecer supostos concretos para a utilización do procedemento negociado con publicidade, polo que poderá optar libremente a entidade contratante. Prevese tamén a posibilidade de acudir, en determinados supostos taxados, a un procedemento sen publicidade previa e regúlase o denominado concurso de proxectos. Outra novidade importante é a figura do acordo marco, á que se refire o artigo 6, a partir do cal poderá adxudicarse por un procedemento sen convocatoria de licitación contratos concretos, derivados ou baseados nel.

A lei segue os criterios tradicionais de adxudicación recollidos na Lei de contratos das administracións públicas. Neste punto é de destacar, sen embargo, o establecemento dun sistema preferente, na adxudicación dos contratos de subministración, en favor dos produtos procedentes de países comunitarios. Tal sistema maniféstase, en primeiro lugar, na posibilidade de rexeitar ofertas cando o valor dos produtos de terceiros países supere a metade do valor total dos produtos que compoñen a oferta e, en segundo lugar, na posibilidade, en caso de ofertas equivalentes, de admitir aquela que inclúa produtos procedentes de países comunitarios.

O título V da lei incorpora ó noso dereito a Directiva 92/13/CEE e ten por obxecto garanti-la aplicación, mediante diversas medidas, dos procedementos de adxudicación regulados no título anterior.

Aínda que se valorou a oportunidade de reserva-la resolución dos recursos por incumprimento da lei a instancias xurisdiccionais da orde civil, optouse finalmente polo seu tratamento administrativo. Isto foi así porque os operadores destes sectores deben cumprir, sen dúbida, determinadas normas de dereito público como contrapartida polos dereitos exclusivos ou especiais dos que gozan para a prestación, na maioría dos casos, de servizos esenciais para a comunidade. A intervención dos órganos administrativos abrirá ós interesados, en todo caso, a vía xurisdiccional contencioso-administrativa como garantía última.

Na liña apuntada, a Administración pública á que se encontre vinculada a entidade contratante pode decidi-la suspensión dos procedementos de adxudicación dos contratos, anula-las cláusulas administrativas discriminatorias contidas nos anuncios de licitación ou nos pregos de condicións, e mesmo a propia adxudicación do contrato, pronunciándose, se é requirida para iso, sobre a procedencia do aboamento dunha indemnización por danos e perdas, fixando o seu importe.

Este título recolle tamén as previsións contidas na Directiva 92/13/CEE sobre a posibilidade de que as entidades contratantes que o desexen poidan recorrer a un sistema de certificación que acredite o cumprimento pola súa parte das normas contidas na lei. Os responsables de emiti-lo certificado deberán ser persoas independentes que posúan a cualificación e experiencia profesionais pertinentes. Estes requisitos serán determinados por vía regulamentaria respectando os mínimos fixados pola propia directiva.

Así mesmo, este título V recolle a posibilidade, establecida na directiva, de recorrer a un procedemento de conciliación. En efecto, calquera persoa que teña ou tivese interese en ser adxudicataria dun contrato dos abranquidos no ámbito de aplicación da lei, poderá solicita-la incoación dun procedemento de conciliación cando, no marco da adxudicación do contrato, considere que foi prexudicado ou que pode selo como consecuencia do incumprimento das disposicións da lei.

A lei contén, na súa disposición adicional terceira, unha enumeración de entidades contratantes que se consideran suxeitas a ela. Estas entidades inclúense unhas veces de forma individual e outras de forma xenérica, suficiente en todo caso para a súa identificación, pola súa pertenza a unha categoría ante a imposibilidade de chegar a unha relación exhaustiva.

Por último, procede sinalar que a lei se dicta ó abeiro dos títulos competenciais que corresponden ó Estado en relación coas lexislacións civil, mercantil e procesual, así como en materia de contratación administrativa, especificando a disposición derradeira primeira os preceptos da lei que non teñen carácter de lexislación básica. As disposicións derradeiras prevén tamén que mediante normas regulamentarias ou acordo do Consello de Ministros se proceda tanto á modificación da lista de entidades contratantes e das contías e prazos recollidos na lei como á aprobación dos correspondentes modelos de anuncios.

TÍTULO PRELIMINAR

Obxecto da lei

Artigo 1. *Obxecto da lei.*

A presente lei ten como obxecto a regulación do procedemento de adxudicación dos contratos de obras, subministración e servizos cando contraten as entidades públicas e privadas do artigo 2.1, que operen nos sectores de actividade relacionados coa auga, a enerxía, os transportes e as telecomunicacións, tal como se concreta no artigo 3.

TÍTULO I

Disposicións xerais

CAPÍTULO I

Ámbito de aplicación subxectiva

Artigo 2. *Entidades contratantes.*

1. Quedarán suxeitas á presente lei, sempre que realicen algunha das actividades enumeradas no artigo 3:

a) As entidades de dereito público con personalidade xurídica propia, vinculadas ou dependentes de calquera das administracións públicas incluídas no artigo 1.2 da Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas ou dos seus organismos autónomos.

b) As asociacións formadas polas citadas entidades de dereito público con personalidade xurídica propia.

c) As empresas públicas. Para os efectos desta lei enténdese por empresas públicas as empresas sobre as que as administracións públicas, os seus organismos autónomos, entes públicos ou as asociacións formadas por eles poden exercer directa ou indirectamente unha influencia dominante, polo feito de te-la propiedade ou unha participación financeira nelas ou en virtude das normas que as rexen. Considérase que exercen unha influencia dominante, directa ou indirectamente, sobre unha empresa cando:

Ostentan a titularidade da maioría do capital social subscrito da empresa; ou

Dispoñan da maioría dos dereitos de voto correspondentes ás accións ou participacións emitidas polas empresas, ou

Poidan nomear a máis da metade dos membros do órgano de administración, enderezo ou supervisión da empresa.

d) As empresas privadas que gocen dun dereito especial ou exclusivo outorgado por unha autoridade competente, en virtude dunha disposición legal, regulamentaria ou administrativa que teña como efecto a reserva do exercicio dalgunha das actividades enumeradas no artigo 3.

Considérase que unha entidade contratante goza de dereitos especiais ou exclusivos, en particular, cando:

i) Co fin de construí-las redes ou efectua-las instalacións a que se refire o artigo 3, esta entidade poida ser beneficiaria dun procedemento de expropiación forzosa ou de imposición de servidume, ou utiliza-lo solo, o subsolo e o espacio situado sobre a vía pública para instala-los equipos das redes.

ii) No caso da letra a) do artigo 3, esta entidade subministre auga potable, electricidade, gas ou calefacción a unha rede que, pola súa vez, sexa explotada por unha entidade que goce de dereitos especiais ou exclusivos concedidos pola autoridade competente.

2. Quedan excluídos do ámbito de aplicación da presente lei, a Administración xeral do Estado, as administracións das comunidades autónomas, as entidades que integran a Administración local e os organismos autónomos dependentes delas, que se rexerán, en todo caso e sen prexuízo do disposto na disposición adicional segunda, pola lexislación de contratos das administracións públicas.

CAPÍTULO II

Ámbito de aplicación obxectiva

Artigo 3. *Actividades incluídas.*

Para os efectos desta lei considéranse actividades relacionadas coa auga, a enerxía, os transportes e as telecomunicacións, quedando incluídas no seu ámbito de aplicación, as seguintes:

a) A posta a disposición ou a explotación de redes fixas que presten un servizo ó público en relación coa produción, transporte ou distribución:

- i) De auga potable, ou
- ii) De electricidade, ou
- iii) De gas ou calefacción.

Así mesmo, inclúese a subministración de auga potable, electricidade, gas ou calefacción ás ditas redes.

A presente lei aplicarase, igualmente, ós contratos que deban adxudica-las entidades que exerzan unha actividade de produción, transporte ou distribución de auga potable, sempre e cando estes contratos estean relacionados con proxectos de enxeñería hidráulica, irrigación ou drenaxe e o volume de auga destinado a abastecemento de auga potable represente máis do 20 por 100 do volume de auga total dispoñible gracias a estes proxectos ou ás ditas instalacións, ou estean relacionados coa evacuación ou tratamentos de augas residuais.

b) A explotación dunha zona xeográfica determinada para a realización dalgunha das actividades seguintes:

i) Prospección ou extracción de petróleo, gas, carbón ou outros combustibles sólidos.

ii) Posta a disposición dos transportistas aéreos, marítimos ou fluviais dos aeroportos, portos marítimos ou interiores ou outras terminais de transporte.

c) A explotación de redes que presten un servizo público no campo do transporte por ferrocarril, sistemas automáticos, tranvía, trolebús, autobús ou cable.

En canto ós servizos de transporte, considérase que existe unha rede cando o servizo se preste de acordo coas condicións establecidas por unha autoridade competente, tales como as condicións relativas ós itinerarios, á capacidade de transporte dispoñible ou á frecuencia do servizo.

d) A posta a disposición ou a explotación de redes públicas de telecomunicacións ou a subministración dun ou máis servizos públicos de telecomunicacións.

Para os efectos desta lei, entenderase por rede pública de telecomunicacións a infraestrutura pública de telecomunicacións que permita o transporte de sinais mediante cables, feixes hertzianos, por medios ópticos ou por outros medios electromagnéticos, entre puntos de terminación determinados da rede, isto é, o conxunto de conexións físicas e especificacións técnicas de acceso, que forman parte da rede pública de telecomunicacións e son necesarias para ter acceso á dita rede pública e comunicarse eficazmente mediante ela.

Entenderase por servizos públicos de telecomunicacións aqueles que consistan, total ou parcialmente, na transmisión e conduxión de sinais na rede pública de telecomunicacións mediante procedementos de telecomunicación, con excepción da radiodifusión e a televisión, a oferta das cales fose confiada especificamente pola Administración a unha ou varias entidades de telecomunicación.

Artigo 4. *Actividades excluídas.*

1. Para os efectos desta lei, non se consideran actividades relacionadas coa auga, a enerxía, os transportes e as telecomunicacións, quedando excluídas do seu ámbito de aplicación, as seguintes:

a) A posta a disposición do público dun servizo de transporte en autobús, cando outras entidades poidan prestar libremente este servizo, ben con carácter xeral ou ben nunha zona xeográfica determinada, nas mesmas condicións cás entidades contratantes.

b) A subministración de auga potable, electricidade, gas ou calefacción a redes destinadas a proporcionar un servizo ó público por parte dunha empresa contratante distinta das administracións públicas, organismos autónomos e restantes entidades de dereito público con personalidade xurídica propia, cando outras empresas poidan prestar libremente este servizo nas mesmas condicións, ou cando:

i) No caso de auga potable ou electricidade:

A produción de auga potable ou de electricidade por parte da entidade de que se trate se realice porque o seu consumo é necesario para o exercicio dunha actividade distinta da mencionada no artigo 3; e

A alimentación da rede pública dependa exclusivamente do propio consumo da entidade e non superase o 30 por 100 da produción total de auga potable ou de enerxía da entidade, tomando en consideración a media dos tres anos precedentes, incluído o ano que corre.

ii) No caso do gas ou a calefacción:

A produción de gas ou calefacción pola entidade de que se trate, sexa unha consecuencia inevitable do exercicio dunha actividade distinta da que se menciona no artigo 3; e

A alimentación da rede pública teña o único propósito de explotar economicamente a dita produción e esta corresponda, como máximo, ó 20 por 100 do volume

de negocios da entidade, tomando en consideración a media dos tres anos precedentes, incluído o ano que corre.

2. Cando así o acorde a Comisión Europea a pedimento do Estado, quedará fóra do ámbito da presente lei a explotación de zonas xeográficas con fins de prospección ou extracción de petróleo, gas, carbón ou outros combustibles sólidos, así como as entidades beneficiarias dos dereitos especiais ou exclusivos recollidos no artigo 2, punto 1, letra d) ii) que exploten unha ou varias destas actividades. Neste caso, e sempre e cando se respecten os principios de non-discriminación e de convocatoria de licitación para a adxudicación dos contratos de obras, subministracións e servizos, en particular polo que se refire á información que as entidades contratantes poñan a disposición das empresas en relación coas súas intencións de adxudicación dos contratos, deberanse cumprir tódalas condicións que se enumeran a seguir:

a) Que para explotar unha das ditas zonas xeográficas, se esixa unha autorización e outras entidades teñan liberdade para solicitar esta autorización nas mesmas condicións ás que estean suxeitas as entidades contratantes.

b) Que a solvencia técnica e financeira que deben posuílas entidades para exercer actividades particulares queden acreditadas antes da avaliación dos méritos dos candidatos que compitan pola obtención da autorización.

c) Que a autorización para exercer estas actividades se conceda de acordo con criterios obxectivos, relativos ós medios previstos para levar a cabo a prospección ou a extracción e que fosen establecidos e publicados antes da presentación das ditas solicitudes de autorización. Estes criterios deberán aplicarse de forma non discriminatoria.

d) Que tódalas condicións e requisitos relativos ó exercicio ou á interrupción da actividade, incluídas as disposicións relativas ás obrigas inherentes ó exercicio, ós canons e á participación no capital ou na renda das entidades, sexan establecidas e feitas públicas antes da presentación das solicitudes de autorización e se apliquen de forma non discriminatoria; calquera cambio que afecte a estas condicións e requisitos deberá aplicarse a tódalas entidades afectadas ou ser emendado para darlle carácter non discriminatorio; non obstante, non será necesario defini-las obrigas asociadas ó exercicio ata o momento anterior á concesión da autorización.

e) Que as entidades contratantes non estean obrigadas en virtude de ningunha lei, regulamento nin requisito administrativo, nin por ningún acordo ou convenio, a facilitar informacións sobre as fontes actuais ou previstas relativas ás súas compras, agás por instancia das autoridades nacionais e exclusivamente por razóns de orde pública, moralidade e seguridade públicas, protección da saúde e vida das persoas e animais, preservación dos vexetais, protección do patrimonio artístico, histórico ou arqueolóxico nacional ou protección da propiedade industrial e comercial.

3. Respecto das concesións ou autorizacións individuais concedidas antes da data da entrada en vigor da presente lei, non serán de aplicación as letras a), b) e c) do punto anterior en caso de que, na dita data, outras entidades puidesen solicitar unha autorización para a explotación de zonas xeográficas coa finalidade de facer prospeccións ou de extraer petróleo, gas, carbón ou outros combustibles sólidos, sobre unha base non discriminatoria e de acordo con criterios obxectivos, e a letra d) cando as condicións e requisitos se establecesen, aplicado ou modificado antes da data recollida anteriormente.

Artigo 5. *Contratos incluídos.*

1. Para os efectos desta lei, entenderase por contratos de obras, subministración e servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 6, os contratos de carácter oneroso celebrados por escrito entre algunha das entidades contratantes enumeradas no artigo 2.1 e un contratista, que teñan por obxecto:

a) No caso de contratos de obras, a simple execución, o proxecto e execución conxunta de obras ou a realización, polo medio que for, de obras de construción ou de enxeñaría civil tal como se definen no artigo 120 da Lei de contratos das administracións públicas. Tales contratos poderán incluír ademais as subministracións e os servizos necesarios para a súa execución.

b) No caso de contratos de subministración, a adquisición de produtos, conforme o disposto nos artigos 172 e 173 da Lei de contratos das administracións públicas, que se formalicen mediante compra, compra a prazos, arrendamento financeiro, ou arrendamento con ou sen opción a compra.

c) No caso de contratos de servizos, algún dos definidos no artigo 197.2 e 3 da Lei de contratos das administracións públicas.

2. Cando un contrato de obras, subministración ou servizos conteña prestacións correspondentes a outro deles atenderase para a súa cualificación e aplicación dos preceptos que o regulen ó carácter da prestación que teña máis importancia desde o punto de vista económico.

3. Para a adxudicación dos contratos que teñan por obxecto algún dos servizos enumerados no anexo VI B, será preceptiva unicamente a aplicación do disposto no título II e artigo 50 desta lei.

4. Os contratos que teñan por obxecto simultaneamente servizos incluídos nos anexos VI A e VI B adxudicaránse de acordo co disposto nesta lei, con carácter xeral para o contrato de servizos cando o valor dos servizos incluídos no anexo VI A sexa superior ó dos recollidos no anexo VI B. Nos demais casos aplicarase o disposto no punto anterior.

Artigo 6. *Acordos marco.*

Os contratos que se adxudiquen por algún dos procedementos previstos na presente lei poderán adoptala forma de acordos marco, subscritos entre algunha das entidades contratantes enumeradas no artigo 2 e un ou varios empresarios que teñan por obxecto fixalos termos dos contratos que se teñan que adxudicar no transcurso dun período de tempo, particularmente no que se refire ós prezos e, se é o caso, ás cantidades revistas. As entidades contratantes non poderán recorrer ós acordos marco dunha maneira abusiva, que teña como consecuencia impedir, restrinxir ou falseala competencia.

Artigo 7. *Contratos excluídos.*

1. Esta lei non se aplica ós contratos ou ós concursos de proxectos que as entidades contratantes realicen ou organicen para fins distintos da realización das actividades mencionadas no artigo 3, nin para a realización das ditas actividades nun país terceiro, en circunstancias que non supoñan a explotación física dunha rede ou dunha área xeográfica dentro da Unión Europea.

2. Quedan fóra, así mesmo, do ámbito de aplicación desta lei:

a) Os contratos que se adxudiquen para efectos de revenda ou arrendamento a terceiros, sempre e cando a entidade contratante non goce de dereitos especiais ou exclusivos de venda ou arrendamento do obxecto destes contratos e existan outras entidades que poidan vendelos ou arrendalos libremente nas mesmas condicións cá entidade contratante.

b) Os contratos que as entidades contratantes, que exercen unha actividade de posta a disposición ou explotación de redes públicas de telecomunicacións ou de subministración dun ou máis servicios públicos de telecomunicacións, adxudiquen para as súas compras, destinadas exclusivamente a permitirlle desempeñar un ou varios servicios de telecomunicacións, cando outras entidades poidan ofrecer libremente os mesmos servicios na mesma zona xeográfica e en condicións substancialmente idénticas.

c) Os contratos de adquisición de auga que adxudiquen as entidades contratantes recollidas no número I da disposición adicional terceira.

d) Os contratos que as entidades contratantes recollidas nos números II e III da disposición adicional terceira que adxudiquen para a subministración de enerxía ou de combustibles destinados á produción de enerxía.

e) Os contratos que teñan por obxecto:

i) A adquisición ou arrendamento, independentemente do sistema de financiamento, de terreos, edificios xa existentes ou outros bens inmobles ou relativos a dereitos sobre estes bens. Non obstante, os contratos de servicios financeiros adxudicados simultaneamente con anterioridade ou posterioridade ó contrato de adquisición ou arrendamento, en calquera das súas formas, regularanse por esta lei.

ii) Servicios de telefonía de voz, télex, radiotelefonía móbil, buscapersoas e telecomunicación por satélite.

iii) A arbitrase e conciliación.

iv) A emisión, compra, venda e transferencia de títulos ou doutros instrumentos financeiros.

v) Contratos regulados na lexislación laboral.

vi) Servicios de investigación e desenvolvemento distintos daqueles cuns beneficios que pertencen exclusivamente á entidade contratante para a súa utilización no exercicio da súa propia actividade, sempre que a entidade remunere totalmente a prestación do servicio.

f) Os contratos de servicios que se adxudiquen a unha entidade que, pola súa vez, sexa unha entidade contratante das incluídas no artigo 1 da Lei de contratos das administracións públicas, ou unha asociación das ditas entidades, baseándose nun dereito exclusivo do que goce en virtude de disposicións legais, regulamentarias ou administrativas, sempre que estas disposicións sexan compatibles co Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

g) Os contratos de servicios seguintes por razón do suxeito:

i) Os que unha entidade contratante acorde cunha empresa asociada. Para os efectos desta lei, entenderase como empresa asociada a empresa que, en virtude do artigo 42 do Código de comercio presente contas anuais consolidadas coas da entidade contratante. Entenderase, así mesmo, como empresa asociada, no suposto de entidades non incluídas neste precepto, aquela sobre a cal a entidade contratante poida exercer, directa ou indirectamente, unha influencia dominante, segundo se define no punto 1.c) do artigo 2 da presente lei, ou que poida exercer unha influencia dominante sobre a entidade contratante, ou que, como a entidade contratante, estea sometida á influencia dominante doutra empresa por razón de propiedade ou participación financeira ou en virtude das normas que as rexen.

ii) Os que unha empresa conxunta, constituída por varias entidades contratantes, co fin de desenvolver as actividades recollidas no artigo 3 desta lei, acorde cunha das ditas entidades contratantes ou unha empresa asociada a unha destas entidades contratantes, sempre que, como mínimo, o 80 por 100 do medio do volume de negocios que tal empresa efectuase na Unión Europea nos últimos tres anos en materia de servicios proveña da prestación destes servicios ás empresas coas que estea asociada.

Cando máis dunha empresa afiliada á entidade contratante preste o mesmo servicio ou servicios similares, deberá terse en conta o volume de negocios total na Unión Europea resultante da prestación de servicios polas ditas empresas.

h) Os contratos que fosen declarados secretos polo órgano competente ou a execución dos cales deba ir acompañada de especiais medidas de seguridade segundo as disposicións legais, regulamentarias ou administrativas, ou cando así o requira a protección dos intereses esenciais da seguridade do Estado.

i) Os contratos que se subscriban ó amparo dun acordo internacional realizado de conformidade co Tratado constitutivo da Comunidade Europea relativos a subministracións, obras ou servicios necesarios para a execución ou explotación conxunta, polos estados signatarios, dun proxecto determinado.

j) Os contratos efectuados en virtude dun acordo internacional realizado en relación co estacionamento de tropas.

k) Os contratos efectuados polo procedemento específico dunha organización internacional.

Artigo 8. *Importe dos contratos.*

A presente lei aplicarase:

1. Ós contratos adxudicados por entidades contratantes do sector das telecomunicacións, sempre que o importe estimado sexa igual ou superior a:

a) 97.460.125 pesetas, no que se refire ós contratos de subministración e de servicios.

b) 812.167.708 pesetas, no que se refire ós contratos de obra.

2. Ós contratos adxudicados por organismos contratantes que exerzan actividades nos sectores de produción, transporte ou distribución de auga potable, electricidade, entidades do sector dos servicios de ferrocarrís urbanos, tranvías, trolebuses ou autobuses, entidades do sector das instalacións de aeroportos e entidades do sector dos portos marítimos ou fluviais ou outras terminais, sempre que o importe estimado sexa igual ou superior a:

a) 66.929.735 pesetas, no que se refire ós contratos de subministración e de servicios previstos no anexo VI A, con excepción dos servicios de investigación e desenvolvemento enumerados na categoría 8 e dos de telecomunicacións da categoría 5; os seus números de referencia CPC son 7524 (servicios de difusión de emisións de televisión e servicios de difusión de emisións de radio), 7525 (servicios de interconexión) e 7526 (servicios de telecomunicacións integradas).

b) 64.973.417 pesetas, no que se refire ós contratos de subministración e de servicios distintos dos anteriores.

c) 836.621.683 pesetas, no que se refire ós contratos de obras.

3. Ós contratos adxudicados por entidades contratantes que exerzan actividades nos sectores de trans-

porte ou distribución de gas ou de combustible para calefacción, prospección e extracción de petróleo ou gas, carbón ou outros combustibles sólidos e no sector dos servizos de ferrocarrís, sempre que o importe estimado sexa igual ou superior a:

- a) 64.973.417 pesetas, no que se refire ós contratos de subministración e de servizos.
- b) 812.167.708 pesetas, no que se refire ós contratos de obras.

Artigo 9. *Base para o cálculo do importe dos contratos.*

1. Nos contratos de subministración que se concerten mediante arrendamento financeiro, compra a prazos ou arrendamento con ou sen opción a compra, a base para o cálculo do importe do contrato será:

- a) No caso de contratos a prazo fixo igual ou inferior a doce meses, o importe total estimado do contrato neste prazo ou, se o prazo superase os doce meses, o importe total do contrato con inclusión do importe residual estimado.
- b) No caso de contratos por período indefinido ou nos casos en que a súa duración non poida determinarse, o total previsible dos pagamentos que deban efectuarse durante os catro primeiros anos.

2. Para efectos do cálculo do importe estimado dun contrato de servizos, a entidade contratante incluíra a remuneración total do prestador destes tendo en conta os elementos especificados nos puntos seguintes deste artigo.

3. Para efectos do cálculo do importe estimado dun contrato de servizos financeiros teranse en conta os importes dos seguintes conceptos:

- a) A prima, nos contratos de seguro.
- b) Os honorarios, comisións, xuros e outras remuneracións, nos contratos de servizos bancarios e outros servizos financeiros.
- c) Os honorarios ou comisións correspondentes, nos contratos que impliquen un proxecto.

4. Nos contratos de servizos nos que non se indique un prezo total, deberá tomarse como base para o cálculo do importe estimado dos contratos os conceptos seguintes:

- a) Nos contratos de duración determinada, cando esta sexa igual ou inferior a catro anos, o valor total correspondente a toda a súa duración.
- b) Nos contratos de duración indeterminada ou superior a catro anos, o valor mensual multiplicado por 48.

5. Cando un contrato de subministración ou servizos proposto inclúa expresamente diversas opcións, a base para o cálculo do importe do contrato será o importe total máximo autorizado da compra, arrendamento financeiro, arrendamento ou compravenda a prazos, incluídas as cláusulas de opción.

6. No caso de adquisición de subministracións ou servizos por un período determinado a través dunha serie de contratos que deban adjudicarse a un ou varios subministradores ou prestadores de servizos, ou de contratos renovables, a base para o cálculo do importe do contrato será:

- a) O importe total dos contratos que se adjudicasen durante ese exercicio ou nos doce meses anteriores e que presentasen características similares, corrixido no

posible para ter en conta as modificacións previsibles de cantidade ou valor que puidesen sobrevivir durante os doce meses seguintes; ou

- b) O importe acumulado dos contratos que se vaian adjudicar durante os doce meses consecutivos á adjudicación do primeiro contrato, ou durante toda a vixencia do contrato, se esta superase os doce meses.

7. A base do cálculo do importe estimado dun contrato que inclúa servizos e subministracións será o importe total dos servizos e subministracións, independentemente da porcentaxe con que participen no contrato. Este cálculo incluíra o importe das operacións de colocación e instalación.

8. A base para o cálculo do importe dun acordo marco será o importe máximo estimado da totalidade dos contratos previstos para o período fixado.

9. Para os efectos da aplicación do artigo anterior, a base para o cálculo do importe dun contrato de obras será o importe total da obra.

10. Para os efectos da aplicación do punto anterior, as entidades contratantes incluíran no importe estimado dos contratos de obras, o importe de tódalas subministracións ou servizos necesarios para a execución dos traballos que estas poñan a disposición do contratista.

11. O importe das subministracións ou servizos que non sexan necesarios para a execución dun contrato de obras determinado non poderá engadirse ó importe deste contrato de tal forma que a adquisición de tales subministracións ou servizos eluda a aplicación desta lei.

12. Nos contratos de obras, de subministracións e de servizos que estean divididos en lotes, deberá contabilizarse o importe de cada un dos lotes para o cálculo do importe indicado no artigo anterior. Se o importe acumulado dos ditos lotes alcanzase ou superase o importe indicado no artigo anterior, aplicaranse as disposicións do dito artigo a tódolos lotes. Non obstante, no caso de contratos de obras, as entidades contratantes poderán establecer unha excepción á aplicación do artigo anterior, para lotes cun importe estimado inferior a 162.433.542 pesetas, sempre que o importe acumulado destes lotes non exceda do 20 por 100 do valor do conxunto de lotes.

13. As entidades contratantes non poderán subtraerse á aplicación desta lei fraccionando os contratos ou empregando modalidades particulares de cálculo do importe dos contratos.

CAPÍTULO III

Principios de contratación

Artigo 10. *Principios da contratación.*

1. Os contratos que se adjudiquen en virtude desta lei axustaranse ós principios de publicidade e concorrencia, agás as excepcións nela previstas e, en todo caso, ós de igualdade e non-discriminación.

2. No momento de comunica-las especificacións técnicas ás empresas interesadas, de clasificar e seleccionar os mesmos e de adjudicar os contratos, as entidades contratantes poderán impoñer requisitos destinados a protexer-lo carácter confidencial da información que comuniquen.

3. As empresas poderán esixir á entidade contratante, de conformidade co disposto no ordenamento xurídico, que respecte o carácter confidencial da información que lle faciliten.

TÍTULO II

Normas e especificacións técnicas

Artigo 11. *Especificacións técnicas.*

Para os efectos da presente disposición, entenderase por:

a) Especificacións técnicas: esixencias técnicas que definen as características requiridas dunha obra, material, produto, subministración ou servizo e que permiten caracterizalos obxectivamente, de maneira que se adecuen á utilización determinada pola entidade contratante. Estas esixencias técnicas poden incluí-la calidade, o rendemento, a seguridade ou as dimensións, así como os requisitos aplicables ó material, produto, subministración ou servizo en canto a garantía de calidade, terminoloxía, símbolos, probas e métodos de proba, envasado, marcado e etiquetado. En relación cos contratos de obras, as especificacións técnicas poden incluír tamén os criterios sobre definición e cálculo de custos, probas, control e recepción de obras e técnicas ou métodos de construción, así como tódalas demais condicións de carácter técnico que a entidade contratante puidese prescribir, conforme unha regulamentación xeral ou específica, con respecto ás obras acabadas e ós materiais ou elementos que as integren.

b) Norma: Especificación técnica aprobada por un organismo de normalización recoñecido, para unha aplicación repetida ou continuada, o cumprimento da cal non é, en principio, obrigatorio.

c) Norma Europea: norma aprobada polo Comité Europeo de Normalización (CEN) ou polo Comité Europeo de Normalización Electrotécnica (CENELEC) en tanto que «Norma Europea (EN)» o «Documento de Harmonización (HD)», de conformidade coas normas comúns de ámbolos organismos, ou polo Instituto Europeo de Normas de Telecomunicacións (ETSI), de conformidade coas súas propias normas, en tanto que «Norma Europea de Telecomunicación (ETS)».

d) Especificación técnica común: especificación técnica elaborada segundo un procedemento recoñecido polos estados membros da Unión Europea co fin de garantir unha aplicación uniforme en todos eles e que deberá estar publicada no «Diario Oficial das Comunidades Europeas».

e) Documento de idoneidade técnica europeo: documento que recolle a avaliación técnica favorable da aptitude dun produto para o uso asignado, expedido por algún dos organismos autorizados para tal efecto, fundamentada no cumprimento dos requisitos esenciais esixidos regulamentariamente para as obras nas que o dito produto se utiliza.

f) Especificación técnica europea: norma española que sexa transposición dunha norma europea; especificación técnica común ou documento de idoneidade técnica europeo.

Artigo 12. *Pregos de prescripcións técnicas.*

As entidades contratantes incluírán na documentación xeral ou no prego de condicións propias de cada contrato os pregos e documentos específicos referentes ás prescripcións técnicas particulares, tal como determina o artigo 13, que teñan que rexe-la execución da prestación.

Artigo 13. *Orde para o establecemento de prescripcións técnicas e prohibicións.*

1. As prescripcións técnicas serán definidas por referencia a especificacións técnicas europeas, cando estas últimas existan. En ausencia de especificacións técnicas europeas, as prescripcións técnicas deberán definirse, cando iso sexa posible, por referencia ás demais especificacións técnicas vixentes na Unión Europea.

2. A entidade contratante definirá as prescripcións técnicas adicionais que fosen necesarias para completar as especificacións técnicas europeas ou as demais especificacións técnicas vixentes na Unión Europea. Para tal fin, a entidade contratante dará preferencia ás especificacións técnicas que indiquen esixencias de rendementos antes que características conceptuais ou descritivas, salvo que a dita entidade considere que, por razóns obxectivas, a aplicación de tales especificacións técnicas é inadecuada para a execución do contrato.

3. Non poderán incluírse no prego de condicións ou na documentación xeral prescripcións técnicas que mencionen produtos dunha fabricación ou procedencia determinada ou procedementos especiais que teñan por efecto favorecer ou eliminar determinadas empresas ou produtos, a menos que estas prescripcións técnicas resulten indispensables para o obxecto do contrato. En particular, queda prohibida a referencia a marcas, patentes ou tipos, ou a unha orixe ou procedencia determinados. Non obstante, admitirase tal referencia, acompañada da mención «ou equivalente», cando non exista posibilidade de defini-lo obxecto do contrato a través de prescripcións técnicas suficientemente precisas e intelixibles.

Artigo 14. *Prescripcións técnicas non referidas a especificacións técnicas europeas.*

1. A entidade contratante poderá introducir unha excepción á necesidade de que as prescripcións técnicas se definan por referencia a especificacións técnicas europeas, nos casos seguintes:

a) Cando sexa tecnicamente imposible establecer, de maneira satisfactoria, a conformidade dun produto coas especificacións técnicas europeas.

b) Aqueles nos que a referencia a especificacións técnicas europeas constitúa un obstáculo para a aplicación, no ámbito da Unión Europea, das disposicións relativas ó recoñecemento mutuo da homologación de equipos terminais de telecomunicacións e á normalización no campo da tecnoloxía da información e das telecomunicacións.

c) Cando, na adaptación das prácticas existentes ás especificacións técnicas europeas, a aplicación destas obrigue á entidade contratante a adquirir subministracións incompatibles coas instalacións xa utilizadas ou que supoñan problemas técnicos ou custos desproporcionados. A entidade contratante só poderá recorrer a esta excepción no marco dunha estratexia claramente definida e establecida con vistas á adaptación ás especificacións técnicas europeas.

d) Cando a especificación técnica europea en cuestión resulte inadecuada para a aplicación particular recollida ou non teña en conta as innovacións técnicas xurdidas desde a súa adopción. A entidade contratante que recorra a esta excepción informará o organismo autorizado para revisa-las especificacións técnicas europeas, sobre as razóns polas que considera que estas últimas son inadecuadas e polas que solicita a súa revisión.

e) Aqueles nos que o proxecto constitúa unha verdadeira innovación, de tal modo que a aplicación das

especificacións técnicas europeas existentes resulte inadecuada.

2. Os anuncios publicados en virtude do disposto nas letras a) e b) do punto 1 do artigo 26, deberán indicar, se é o caso, a aplicación dalgún dos supostos recollidos neste artigo.

Artigo 15. *Comunicación de prescricións técnicas.*

1. A entidade contratante comunicaralles ás empresas interesadas en obter un contrato e que o soliciten, as prescricións técnicas mencionadas habitualmente nos seus contratos de obras, subministracións ou servizos, ou aquelas prescricións técnicas que teñan intención de aplicar ós contratos que sexan obxecto dun anuncio indicativo publicado de acordo co establecido nos artigos 27 e 29.

2. Cando estas prescricións técnicas estean contidas en documentos que poidan ser obtidos polas empresas interesadas, será suficiente a referencia ós ditos documentos.

Artigo 16. *Instrucións e regulamentos técnicos obrigatorios.*

1. Os proxectos e a execución de obras deberán suxeitarse ás instrucións e ós regulamentos técnicos que sexan de obrigado cumprimento.

2. En todo caso, serán de aplicación prioritaria as instrucións e os regulamentos técnicos obrigatorios conformes co dereito comunitario.

TÍTULO III

Clasificación de empresas

Artigo 17. *Réxime de clasificación.*

1. As entidades contratantes poderán, se o desexan, establecer e dirixir un sistema propio de clasificación de contratistas ou remitirse a calquera outro que consideren que responde ás súas esixencias.

En todo caso, terán validez as clasificacións efectuadas pola Administración do Estado ou das comunidades autónomas, segundo interveñan nos procedementos de contratación entidades contratantes dependentes ou vinculadas a unha ou outra das citadas administracións ou en función, así mesmo, da Administración que autorizase a actividade que desenvolve. A clasificación será acreditada pola empresa interesada mediante certificación do correspondente Rexistro Oficial de Contratistas no prazo sinalado pola entidade contratante.

2. Cando opten por establecer un sistema propio de clasificación, que poderá incluír varias fases, deberá xestionarse de acordo con criterios e normas obxectivos, susceptibles de actualización en caso necesario e definidos pola entidade contratante que deberá facer referencia ás normas europeas cando resulte pertinente.

Así mesmo, velarán por que os contratistas poidan solicitar a súa clasificación en calquera momento.

3. Os acordos sobre clasificación inicial, revisión ou denegación de clasificacións serán adoptados motivadamente pola entidade contratante.

Artigo 18. *Publicidade do sistema de clasificación propio das entidades contratantes.*

O sistema de clasificación propio que adopte a entidade contratante deberá ser obxecto dun anuncio, de acordo co anexo III, no «Diario Oficial das Comunidades

Europeas». O anuncio indicará o obxectivo do sistema de clasificación e as modalidades de acceso ás normas que o rexen. Cando o sistema teña unha duración superior a tres anos, o anuncio deberá publicarse anualmente. En caso de ter unha duración inferior, abondará cun anuncio inicial.

Artigo 19. *Criterios de clasificación.*

Os acordos de clasificación inicial, revisión ou denegación de clasificacións deberán adoptarse de conformidade con criterios obxectivos, e poderán remitirse as entidades contratantes ós establecidos na lexislación de contratos das administracións públicas. Igualmente, corresponderá a estas entidades fixa-lo prazo de duración da clasificación, que poderá ser definido de acordo co establecido na citada lexislación.

Artigo 20. *Información ós candidatos.*

1. Os criterios e normas de clasificación serán facilitados ás empresas que o soliciten, comunicándose a súa actualización ás empresas interesadas. As entidades contratantes poñerán tamén en coñecemento delas os nomes das entidades ou organismos terceiros cun sistema de clasificación que consideren que responde ás súas esixencias.

2. A entidade contratante deberá notificar ós candidatos, nun prazo de dous meses, contados desde a presentación da solicitude de clasificación, a decisión adoptada na súa clasificación. Se a decisión de clasificación requirise un prazo superior a seis meses desde a presentación da citada solicitude, a entidade competente deberá notificar ó candidato, dentro dos dous meses seguintes a esta presentación, as razóns que xustifican a prolongación do prazo e a data de resolución da súa solicitude.

3. Deberá notificarse ós candidatos, a clasificación dos cales sexa rexeitada, a decisión e as razóns deste rexeitamento. Estas razóns deberán basearse nos criterios de clasificación aplicables en cada caso.

Artigo 21. *Imparcialidade na clasificación e relación de empresas clasificadas.*

1. Ó decidir sobre a clasificación ou ó actualizalos criterios e normas referentes á clasificación, o órgano competente deberá absterse de impoñer a determinadas empresas condicións administrativas, técnicas ou financeiras que non fosen impostas a outras e de esixir probas ou xustificantes que constitúan unha repetición de probas obxectivas xa dispoñibles.

2. Conservarase unha relación das empresas clasificadas, que poderá dividirse en categorías de empresas segundo o tipo de contratos para a realización dos cales sexa válida a clasificación.

Artigo 22. *Anulación de clasificacións.*

No caso das clasificacións adoptadas en virtude do artigo 17, a entidade competente unicamente poderá anula-la clasificación dunha empresa por razóns baseadas nos criterios aplicables en cada caso. Deberase notificar por escrito á empresa a intención de anula-la clasificación, indicando a razón ou razóns que xustifican esta decisión, e dispoñerá aquela dun prazo de dez días para alegar e presenta-los documentos e xustificacións que coide pertinentes.

TÍTULO IV

Procedementos de adxudicación de contratos

CAPÍTULO I

Procedementos e formas de adxudicación

Artigo 23. *Procedementos de adxudicación.*

1. A entidade contratante poderá elixir entre a adopción do procedemento aberto, restrinxido ou negociado, sempre que se efectuase unha convocatoria de licitación segundo o disposto no artigo 26. Tamén poderá utilizarse o procedemento negociado sen previa convocatoria de licitación nos casos previstos no artigo 25.

2. No procedemento aberto todo empresario interesado poderá presentar unha proposición.

3. No procedemento restrinxido só poderán presentar proposicións aqueles empresarios seleccionados expresamente pola entidade contratante, logo de solicitude destes.

4. No procedemento negociado, o contrato será adxudicado ó empresario elixido pola entidade contratante, logo de consulta e negociación dos termos do contrato cun ou varios empresarios.

Artigo 24. *Formas de adxudicación.*

1. Tanto no procedemento aberto coma no restrinxido, a adxudicación poderá efectuarse por poxa ou por concurso.

2. A poxa tratará sobre un tipo expresado en diñeiro, con adxudicación ó licitador que, sen exceder daquel, oferte o prezo máis baixo.

3. No concurso, a adxudicación recaerá sobre o licitador que, no seu conxunto, faga a proposición máis vantaxosa. Este extremo determinarase de acordo con diversos criterios obxectivos variables segundo o contrato en cuestión, tales como prazo de entrega ou de execución, custo de utilización, rendibilidade, calidade, características estéticas e funcionais, calidade técnica, calidade ambiental, servizo posvenda e asistencia técnica, compromiso en materia de pezas de recambio, seguridade na subministración e prezo, así como a fórmula de revisión deste, se é o caso. Neste suposto, a entidade contratante fará constar, no prego de cláusulas ou no anuncio de licitación, tódolos criterios de adxudicación que ten previsto aplicar. Estes criterios indicaranse, cando sexa posible, por orde decrecente de importancia. Corresponderá, en todo caso, á entidade o dereito a declarar deserto o concurso.

Artigo 25. *Procedemento sen convocatoria de licitación previa.*

Non obstante o disposto no artigo 23.1, a entidade contratante poderá utilizar un procedemento negociado sen convocatoria de licitación previa, nos casos seguintes:

a) Cando o contrato non chegase a adxudicarse nun procedemento con convocatoria de licitación previa, por falta de licitadores ou porque os presentados non fosen admitidos a licitación, sempre que non se modifiquen de forma substancial as condicións orixinais do contrato.

b) Cando se adxudique un contrato unicamente con fins de investigación, experimentación, estudo ou desenvolvemento e non co fin de obter unha rendibilidade

ou de recupera-los custos de investigación e desenvolvemento, e sempre que a realización de tal contrato se entenda sen prexuízo da convocatoria dunha licitación para os contratos subseguintes que persigan os mesmos fins.

c) Cando, por razóns técnicas, artísticas ou motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva, o contrato deba ser executado por un empresario determinado.

d) Na medida en que sexa estrictamente necesario, cando por razóns de extremada urxencia, resultante de feitos imprevisibles para a entidade contratante, non poidan cumprirse os prazos estipulados nos procedementos abertos ou restrinxidos.

e) No caso de contratos de subministración, para as entregas adicionais efectuadas polo provedor inicial que constitúan, ben unha reposición parcial de subministracións ou instalacións de uso corrente, ou ben unha extensión de subministracións ou instalacións existentes, cando un cambio de provedor obrigue á entidade contratante a adquirir material con características técnicas diferentes, dando lugar a incompatibilidades ou problemas desproporcionados de utilización e mantemento.

f) Cando se trate de obras ou servizos adicionais que non figuren no proxecto inicialmente adxudicado, nin no primeiro contrato realizado, pero que resulte necesario executar como consecuencia de circunstancias imprevistas, sempre que a súa execución se confíe ó contratista ou prestador de servizos que execute o contrato inicial e estas obras ou servizos non poidan separarse técnica ou financeiramente do contrato principal, sen causar graves inconvenientes á entidade contratante, ou, aínda podendo separarse da execución do contrato inicial, sexan estrictamente necesarias para o seu perfeccionamento.

g) No caso de contratos de obras, os novos traballos que consistan na repetición de obras similares confiadas ó contratista titular dun primeiro contrato adxudicado pola mesma entidade contratante, sempre que as obras se axusten a un proxecto base para o que se formalizase un primeiro contrato trala licitación correspondente. No anuncio de licitación do primeiro proxecto deberá indicarse a posibilidade de recorrer a este procedemento e a entidade contratante, cando aplique o disposto no artigo 9, terá en conta o custo total considerado para a continuación das obras.

h) Aqueles contratos adxudicados sobre a base dun acordo marco, de conformidade co disposto no artigo 6.

i) Nos supostos de compras de ocasión, sempre que sexa posible adquirir subministracións aproveitando unha ocasión especialmente vantaxosa que se presentase nun período de tempo moi breve e o seu prezo de compra sexa considerablemente máis baixo ó habitual do mercado.

j) Cando exista a posibilidade de comprar mercadorías en condicións especialmente vantaxosas, ben a un subministrador que cese definitivamente na súa actividade comercial, ben ós administradores ou liquidadores dunha sociedade inmersa nun procedemento de concurso ou outro que puidese desembocar na súa liquidación.

k) Cando o contrato de servizos resulte dun concurso de proxectos organizado de conformidade coas disposicións da presente lei e de acordo coas normas que o regulan, deba adxudicarse ó gañador ou a un dos gañadores do concurso. Neste caso, tódolos gañadores do concurso deberán ser invitados a participar nas negociacións.

CAPÍTULO II

Publicidade das licitacións

Artigo 26. *Anuncios das licitacións.*

1. As convocatorias de licitación poderán efectuarse:
 - a) Por medio dun anuncio ordinario; ou
 - b) Mediante un anuncio periódico indicativo; ou
 - c) A través dun anuncio sobre a existencia dun sistema de clasificación.

2. Os anuncios a que fai referencia o punto anterior, axustaranse ó modelo dos anexos II, III e IV desta lei e serán publicados no «Boletín Oficial del Estado» e no «Diario Oficial das Comunidades Europeas». Así mesmo, publicaranse os citados anuncios nos respectivos diarios ou «Boletíns Oficiais das Comunidades Autónomas» cando as entidades contratantes dependan dunha Comunidade Autónoma ou se encontren vinculadas a ela ou cando a súa actividade sexa autorizada por esta.

Artigo 27. *Anuncios indicativos.*

1. Cando se efectúe unha convocatoria de licitación mediante un anuncio periódico indicativo, deberán cumprirse os requisitos seguintes:

- a) O anuncio deberá referirse de forma específica ás obras, subministracións ou servizos que sexan obxecto do contrato que deba adjudicarse.
- b) O anuncio deberá mencionar que o contrato se adjudicará por procedemento restrinxido ou negociado sen ulterior publicación dunha licitación e instará as empresas interesadas a que manifesten o seu interese por escrito.
- c) A entidade contratante instará posteriormente a tódolos candidatos a que confirmen o seu interese sobre a base das informacións detalladas relativas ó contrato en cuestión e con anterioridade ó comezo da selección de licitadores ou participantes nunha negociación. Estas informacións incluírán, como mínimo, os seguintes datos:

Natureza e cantidade, incluídas tódalas opcións relativas ós contratos adicionais e, se fose posible, prazo estimado para o desenvolvemento das ditas opcións. Cando se trate de contratos renovables, natureza e cantidade e, se fose posible, prazo estimado de publicación dos posteriores anuncios de licitación para as subministracións, obras ou servizos que deban constituí-lo obxecto dun contrato;

Carácter do procedemento, restrinxido ou negociado; Se é o caso, data de comezo ou de remate da entrega de subministracións ou da execución de obras ou servizos;

Enderezo e data límite de presentación de solicitudes destinadas a obter unha invitación para licitar, así como lingua ou linguas en que estea autorizada a súa presentación;

Domicilio da entidade que adjudicará o contrato e subministrará a información necesaria para a obtención do prego de condicións e demais documentos.

Condicións económicas e técnicas, garantías financeiras e datos requiridos dos provedores, empresarios ou prestadores de servizos;

Importe e modalidades de pagamento de calquera cantidade que se debe pola obtención da documentación relativa ó procedemento de adjudicación do contrato, e

Natureza do contrato que constitúe o obxecto do concurso: compra, arrendamento financeiro, arrendamento

ou aluguer con opción de compra, ou varias destas formas.

2. Cando se utilice o anuncio indicativo como medio de convocatoria de licitación, este deberá terse publicado como máximo doce meses antes da data de envío da invitación recollida na letra c) do punto anterior. A entidade contratante deberá respectar, ademais, os prazos previstos no punto 2 do artigo 32.

3. As entidades contratantes poderán publicar anuncios indicativos relativos a proxectos de obras importantes, sen repeti-la información xa incluída nun anterior anuncio indicativo. En todo caso, mencionaranse claramente que estes anuncios constitúen anuncios adicionais.

Artigo 28. *Anuncios sobre un sistema de clasificación.*

Cando se leve a cabo unha convocatoria de licitación por medio dun anuncio sobre a existencia dun sistema de clasificación, seleccionaranse os licitadores nun procedemento restrinxido ou os participantes nun procedemento negociado, entre os candidatos clasificados segundo tal sistema.

Artigo 29. *Obrigas de publicación periódica.*

As entidades contratantes darán a coñecer, como mínimo unha vez ó ano e mediante un anuncio periódico indicativo, os seguintes extremos:

a) No caso dos contratos de subministración, a totalidade dos contratos por grupos de produtos que teñan previsto adjudicar durante os doce meses seguintes e o importe dos cales, tendo en conta o disposto no artigo 9, sexa igual ou superior a 121.825.156 pesetas.

b) No caso dos contratos de obras, as características esenciais dos contratos de obras que as entidades contratantes se propoñan adjudicar nos próximos doce meses e o valor estimado das cales sexa igual ou superior ós establecidos no artigo 8.

c) No caso dos contratos de servizos, o importe total previsto destes contratos para cada unha das categorías de servizos enumeradas no anexo VI A que as entidades contratantes prevexan adjudicar nos doce meses seguintes e o seu importe total estimado, de acordo coas disposicións do artigo 9, sexa igual ou superior a 121.825.156 pesetas.

Artigo 30. *Condicións de publicación no «Diario Oficial das Comunidades Europeas».*

1. Os anuncios enviaranse á Oficina de Publicacións das Comunidades Europeas en castelán, por correo, correo electrónico, télex ou telefax, nas condicións establecidas no artigo 25 da Directiva 93/38/CEE, ou usaranse formularios que sexan autorizados mediante orde ministerial, de conformidade co disposto na disposición derradeira cuarta.

2. As entidades contratantes deberán poder acreditar a data de envío dos anuncios previstos nos artigos anteriores.

3. Os contratos ou concursos de proxectos con respecto ós cales se publique un anuncio no «Diario Oficial das Comunidades Europeas» de acordo co punto 1 do artigo 26 ou co artigo 39 non deberán publicarse por ningún outro medio antes da data de envío do dito anuncio á Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas. Esta publicación non conterá datos distintos dos enviados ó «Diario Oficial das Comunidades Europeas».

CAPÍTULO III

Desenvolvemento do procedemento**Artigo 31. *Cómputo de prazos.***

Tódolos prazos establecidos nesta lei, agás que nela se indique que son de días hábiles, entenderanse referidos a días naturais. Se o último día do prazo fose festivo, entenderase que aquel conclúe o primeiro día hábil seguinte.

Artigo 32. *Envío de pregos de cláusulas.*

1. A entidade contratante deberá envia-los pregos de cláusulas e documentación complementaria ós empresarios interesados, sempre que o soliciten coa suficiente antelación. Este envío efectuarase como regra xeral dentro dun prazo de seis días contados a partir da recepción da solicitude.

2. Do mesmo xeito, sempre que fose solicitada con suficiente antelación respecto da data límite para a recepción de ofertas, a entidade contratante proporcionará información adicional sobre os pregos de cláusulas. Esta información facilitarase non máis tarde dos seis días anteriores á citada data límite.

3. Cando as ofertas requiran o exame dunha documentación voluminosa, como especificacións técnicas moi extensas, visitas «in situ» ou consultas sobre o terreo dos documentos adxuntos ó prego de condicións, esta circunstancia terase en conta ó fixa-los prazos apropiados.

Artigo 33. *Prazos de recepción de ofertas e solicitudes de participación.*

1. Nos procedementos abertos, o prazo fixado pola entidade contratante para a recepción de ofertas non será inferior a cincuenta e dous días, contados desde a data de envío do anuncio do contrato á Oficina de Publicacións das Comunidades Europeas. Este prazo poderá substituírse por un prazo suficientemente longo para que os interesados poidan presentar licitacións válidas e, en xeral, non será inferior a trinta e seis días e, en ningún caso, inferior a vintedous días, a partir da data de envío do anuncio de contrato, se as entidades contratantes enviasen ó «Diario Oficial das Comunidades Europeas» un anuncio periódico indicativo, conforme o disposto no artigo 29, o contido do cal inclúa as informacións esixidas nos números II e III do anexo IV, sempre que estas informacións estean dispoñibles na data de publicación do citado anuncio. Así mesmo, o citado anuncio periódico indicativo deberá ser enviado ó «Diario Oficial das Comunidades Europeas» entre cincuenta e dous días e doce meses, como máximo, antes da data de envío do anuncio de contrato ó mencionado diario oficial.

2. Nos procedementos restrinxidos e nos negociados con anuncio de licitación previo, aplicaranse as disposicións seguintes:

a) O prazo de recepción das solicitudes de participación, como resposta a un anuncio publicado segundo o establecido na letra a) do punto 1 do artigo 26, a unha invitación da entidade contratante efectuada de acordo co disposto na letra c) do punto 1 do artigo 27, será en xeral, como mínimo de trinta e sete días, a partir da data de envío do anuncio ou da invitación e, en ningún caso, poderá ser inferior a vintedous días ou quince en casos excepcionais e sempre que se remita o anuncio por correo electrónico, télex ou telefax.

b) O prazo de recepción das ofertas poderá fixarse de mutuo acordo entre a entidade contratante e os candidatos seleccionados, sempre que tódolos candidatos

dispoñan dun prazo idéntico para preparar e presenta-las súas ofertas.

c) Cando non sexa posible chegar a un acordo sobre o prazo de recepción de ofertas, a entidade contratante fixará un prazo que, en xeral, será, como mínimo, de vintecatro días e, en ningún caso, inferior a dez días a partir da data da invitación a presentar ofertas. A duración do dito prazo deberá ter en conta, en particular, o exame dunha documentación moi voluminosa, especificacións técnicas moi extensas, visitas ou consultas sobre o terreo dos documentos adxuntos ó prego de condicións.

Artigo 34. *Selección de candidatos.*

1. A selección de candidatos realizada polas entidades contratantes nun procedemento restrinxido ou negociado deberá efectuarse de conformidade cos criterios e normas obxectivos que establecesen, os cales se encontrarán a disposición das empresas interesadas. Os criterios empregados polas entidades contratantes poderán incluí-los de exclusión recollidos na lexislación de contratos das administracións públicas. Será obrigatoria a inclusión das prohibicións para contratar recollidas na lexislación de contratos das administracións públicas cando a entidade contratante sexa algunha das incluídas no artigo 2.1.a), b) e c).

2. Os criterios poderán basearse na necesidade obxectiva, para a entidade contratante, de reducirlo número de candidatos ata un nivel que garanta o equilibrio entre as características específicas do procedemento de adjudicación do contrato e os medios necesarios para a súa realización. O número de candidatos seleccionados deberá ter en conta a necesidade de garantir unha competencia suficiente.

Artigo 35. *Invitación ós candidatos seleccionados nos procedementos restrinxidos e negociados.*

A entidade contratante invitará simultaneamente e por escrito os candidatos seleccionados. A carta de invitación deberá ir acompañada do prego de cláusulas e da documentación complementaria e incluírá, como mínimo, a información seguinte:

a) Enderezo do servizo ó que se poden pedir documentos adicionais e data límite para solicitálos, así como a cantidade e forma de pagamento do importe que, se é o caso, se deba pagar para a obtención destes documentos.

b) Data límite de recepción de ofertas, enderezo ó que deben remitirse e idioma ou idiomas en que deben redactarse.

c) Referencia a calquera anuncio de licitación publicado.

d) Indicación da documentación que se debe xuntar, se procede.

e) Criterios de adjudicación do contrato, cando non figuren no anuncio.

f) Calquera outro requisito especial establecido para participar no contrato.

Artigo 36. *Confirmación de solicitudes de participación.*

1. As solicitudes para participar nos contratos e as invitacións para presentar ofertas deberán realizarse polas canles máis rápidas posibles. Cando as solicitudes de participación se efectúen mediante telegrama, télex, telefax, teléfono ou calquera medio electrónico, deberán confirmarse por carta enviada antes da expiración dos prazos previstos nos puntos 1 e 2 do artigo 33.

2. As ofertas presentaranse por escrito, directamente ou por correo.

3. Regulamentariamente poderá regularse a presentación de ofertas por calquera outro medio que permita garantir:

Que cada oferta conteña toda a información necesaria para a súa avaliación.

Que a confidencialidade das ofertas se manteña ata que teña lugar a súa avaliación.

De ser necesario por motivos de proba xurídica, que estas ofertas se confirmen o antes posible por escrito ou mediante o envío dunha copia certificada.

Que a apertura das ofertas teña lugar trala expiración do prazo previsto para a súa presentación.

CAPÍTULO IV

Concursos de proxectos

Artigo 37. *Concursos de proxectos.*

Considéranse concursos de proxectos os procedementos caracterizados pola intervención dun xurado e destinados á adxudicación dun contrato de servizos consistente na elaboración de plans ou proxectos, principalmente nos campos da arquitectura, o urbanismo, a enxeñería e o procesamento de datos.

Artigo 38. *Ámbito de aplicación.*

1. Este capítulo aplicarase ós concursos de proxectos cun valor estimado igual ou superior a:

a) 97.460.125 pesetas, no que respecta ós contratos que se propoñan adxudica-las entidades que exerzan unha actividade recollida na disposición adicional terceira X.

b) 66.929.735 pesetas, no que se refire ós contratos que se propoñan adxudica-las entidades contratantes que exerzan unha actividade recollida na disposición adicional terceira, I, II, VII, VIII e IX e que se refiran a contratos de servizos que figuren no anexo VI A, excepto os servizos de investigación e desenvolvemento enumerados na categoría 8 e os servizos de telecomunicación da categoría 5; os seus números de referencia CPC son 7524 (servizos de difusión de emisións de televisión e servizos de difusión de emisións de radio), 7525 (servizos de interconexión) e 7526 (servizos de telecomunicacións integradas).

c) 64.973.417 pesetas, no que se refire ós contratos de servizos distintos ó recollido no punto anterior que se propoñan adxudica-las entidades contratantes enumeradas nel.

d) 64.973.417 pesetas, no que se refire ós contratos que se propoñan adxudicar entidades contratantes incluídas na disposición derradeira terceira III, IV, V e VI.

2. Este capítulo aplicarase en tódolos casos de concursos cando o importe total dos premios e pagamentos efectuados ós participantes sexa igual ou superior a:

a) 97.460.125 pesetas, no que respecta ós contratos que se propoñan adxudica-las entidades contratantes que exerzan unha actividade recollida na disposición adicional terceira X.

b) Os limiares das letras b) e c) do punto anterior no que respecta ós contratos que se propoñan adxudica-las entidades contratantes que exerzan unha actividade incluída na disposición adicional terceira I, II, VII, VIII e IX.

c) 64.973.417 pesetas no que respecta ós contratos que se propoñan adxudica-las entidades contratantes que exerzan unha actividade incluída na disposición adicional terceira III, IV, V e VI.

Artigo 39. *Publicidade.*

A convocatoria dos concursos de proxectos e o seu resultado deberán publicarse mediante o correspondente anuncio, de acordo cos modelos establecidos nos anexos VII e VIII desta lei, no «Boletín Oficial del Estado» e no «Diario Oficial das Comunidades Europeas».

Así mesmo, publicarase o citado anuncio nos respectivos diarios ou «Boletíns Oficiais das Comunidades Autónomas» cando as entidades contratantes dependan dunha Comunidade Autónoma ou se encontren vinculadas a ela ou cando a súa actividade sexa autorizada por esta.

Artigo 40. *Organización do concurso.*

1. As normas relativas á organización dun concurso de proxectos estableceranse de conformidade cos requisitos do presente capítulo e poñeranse a disposición dos que estean interesados en participar no concurso.

2. Se o número de participantes é limitado, a súa selección levarase a cabo mediante criterios obxectivos, claros e non discriminatorios. En calquera caso, ó fixa-lo número de candidatos invitados a participar nos concursos de proxectos, deberase ter en conta a necesidade de garantir unha verdadeira competencia sen que o acceso á participación poida ser limitado a un determinado ámbito territorial ou a persoas físicas con exclusión das xurídicas ou á inversa.

Artigo 41. *Xurado do concurso.*

1. O xurado estará composto exclusivamente por persoas físicas sen ningunha vinculación cos participantes nos concursos. Para estes efectos, enténdese que non existe ningunha vinculación cando non concorra ningunha das causas de abstención previstas no artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Naqueles casos en que se esixa unha cualificación profesional específica para participar no concurso, polo menos un tercio dos membros do xurado deberá posuí-las mesmas cualificacións ou outras equivalentes.

2. O xurado adoptará as súas decisións ou dictames con total independencia, sobre a base de proxectos que lle serán presentados de forma anónima e atendendo unicamente ós criterios indicados no anuncio de realización do concurso.

CAPÍTULO V

Disposicións comúns

Artigo 42. *Subcontratación.*

No prego de condicións, a entidade contratante poderá pedir-lle ó licitador que indique na súa oferta a parte do contrato que, se é o caso, teña a intención de subcontratar con terceiros. Esta comunicación terá carácter simplemente informativo correspondéndolle ó contratista asumila total responsabilidade da execución do contrato fronte á entidade contratante.

Os contratistas estarán obrigados a aboar ós subcontratistas e provedores o pagamento do prezo pactado

cuns e outros nos prazos e condicións que non sexan máis desfavorables que aqueles que a entidade contratante sinalase nos correspondentes anuncios de licitación para as relacións co contratista.

Artigo 43. Información sobre obrigas laborais.

A entidade contratante sinalará no prego de cláusulas a obriga do licitador de someterse a cantas disposicións sobre protección e condicións de traballo resultan de aplicación no lugar onde se vaian efectuar as obras ou presta-los servicios obxecto do contrato. Así mesmo, sinalará a autoridade ou autoridades das que os licitadores poidan obter información sobre esta obriga.

Igualmente, solicitará ós licitadores que manifesten que tiveron en conta nas súas ofertas tales obrigas.

Artigo 44. Exclusión de actuacións restrictivas da competencia.

1. Nos procedementos de adxudicación, xa sexan abertos, restrinxidos ou negociados, particularmente no caso de adxudicación sobre a base dun acordo marco, quedará excluído calquera tipo de acordo, práctica restrictiva ou abusiva que produza ou poida produci-lo efecto de impedir, restrinxir ou falsea-la competencia nos termos previstos na Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia. Unicamente poderá requirirse información ós candidatos ou os licitadores co obxecto de que precisen ou completen o contido das súas ofertas, así como os requisitos esixidos polas entidades contratantes, sempre que isto non teña un efecto discriminatorio.

2. Calquera que sexa o procedemento de adxudicación dun contrato de servicios, non poderá rexeitarse ningún candidato ou licitador pola soa circunstancia da súa condición de persoa física ou xurídica. Isto non obstante, poderá esixirse ás persoas xurídicas que indiquen nas súas ofertas, ou nas súas solicitudes de participación, o nome e a cualificación profesional das persoas responsables da execución do servizo de que se trate.

Artigo 45. Agrupacións de empresarios.

1. As entidades contratantes poderán contratar con unións de empresarios que se constituán temporalmente para o efecto, sen que sexa necesaria a súa formalización nunha forma xurídica determinada ata que se efectuase a adxudicación do contrato ó seu favor. Estes empresarios quedarán obrigados solidariamente ante a entidade contratante ó cumprimento do contrato ata a súa extinción.

2. En todo caso, a entidade adxudicadora poderá obrigar a que os empresarios que concorren na unión temporal nomeen unha persoa que actúe, durante a execución do contrato, como representante ou apoderado único con poderes bastantes para exercer-los dereitos e cumprilas obrigas que se deriven ata a súa extinción.

Artigo 46. Admisión de variantes.

1. Cando a forma de adxudicación do contrato sexa o concurso, a entidade contratante poderá tomar en consideración variantes ou alternativas presentadas por un licitador sempre que cumpran as condicións mínimas e os requisitos para a súa presentación establecidos pola citada entidade no prego de condicións. En caso de non aceptarse variantes ou alternativas, a entidade contratante farao constar no dito prego.

2. A entidade contratante non poderá rexeita-la presentación dunha variante pola exclusiva razón de ter sido elaborada de conformidade con especificacións técnicas definidas mediante referencia a especificacións

técnicas europeas ou a especificacións técnicas nacionais recoñecidas de conformidade cos requisitos esenciais definidos no Real decreto 1630/1992, do 29 de decembro, polo que se dictan disposicións para a libre circulación de produtos de construción, en aplicación da Directiva 89/106/CEE.

Artigo 47. Ofertas anormalmente baixas.

1. Se nun determinado contrato as ofertas resultasen anormalmente baixas en relación coa prestación, a entidade contratante, antes de poder rexeitalas, pedirá por escrito ós que presentasen esas ofertas as precisións que xulgue oportunas sobre a composición da oferta correspondente e comprobará a dita composición tendo en conta as explicacións que lle sexan facilitadas, para o cal poderá fixar un prazo de resposta non inferior a tres días contados desde a recepción da petición destas explicacións.

2. A entidade contratante poderá tomar en consideración xustificacións obxectivas tales como a economía do método de construción ou fabricación, as solucións técnicas elixidas, as condicións excepcionalmente vantaxosas de que se beneficie o licitador para a execución do contrato ou a orixinalidade do produto ou obra propostos polo licitador.

3. A entidade contratante só poderá rexeita-los ofertas anormalmente baixas debido á percepción dunha axuda estatal se, tendo sido consultado o licitador, este non puidese demostrar que a axuda en cuestión foi autorizada pola Comisión Europea ou notificada a esta, de acordo co establecido no punto 3 do artigo 93 do Tratado. As entidades contratantes que rexeiten unha oferta polas razóns expostas informarán disto á Comisión.

Artigo 48. Preferencia de ofertas comunitarias nos contratos de subministración.

1. O presente artigo será de aplicación ás ofertas que conteñan produtos orixinais de países terceiros cos cales a Unión Europea non realizase, nun marco multilateral ou bilateral, un acordo que garanta un acceso comparable e efectivo das empresas da Unión ós mercados dos ditos países terceiros, sen prexuízo das obrigas da Unión ou dos seus estados membros respecto ós países terceiros.

2. Calquera oferta presentada para a adxudicación dun contrato de subministración poderá rexeitarse cando a parte dos produtos orixinais dos países terceiros, determinados de conformidade co Regulamento (CEE) número 802/1968 do Consello, do 27 de xuño, relativo á definición común da noción de orixe das mercadorías, modificado polo Regulamento (CEE) número 3860/1987, sexa superior ó 50 por 100 do valor total dos produtos que compoñen esta oferta. Para efectos do presente artigo, os soportes lóxicos utilizados nos equipos de redes de telecomunicación serán considerados produtos.

3. Cando dúas ou máis ofertas sexan equivalentes respecto ós criterios de adxudicación utilizados en cada caso, daráselle preferencia a aquela que non poida ser rexeitada en aplicación do disposto no punto anterior. O prezo das ofertas será considerado equivalente, para efectos do presente artigo, cando a súa diferenza non exceda do 3 por 100.

Non obstante, non se dará preferencia á oferta que resultaría elixida se se aplicase o disposto anteriormente, cando esta obrigue á entidade contratante a adquirir material con características técnicas diferentes das do material existente e iso dea lugar a incompatibilidades ou dificultades técnicas excesivas, de funcionamento ou de mantemento, ou implique un custo desproporcionado.

4. Para os efectos deste artigo, para a determinación da parte dos produtos orixinarios dos países terceiros, non serán tomados en consideración os países terceiros ós que se estendese o beneficio das disposicións da directiva obxecto de transposición en virtude dunha decisión do Consello das Comunidades Europeas, de conformidade co contido do punto 1 deste artigo.

Artigo 49. *Certificados de garantía de calidade.*

Cando as entidades contratantes esixan a presentación de certificados expedidos por organismos independentes, que acrediten que o prestador de servicios cumpre determinadas normas de aseguramento da calidade, deberán facer referencia ós sistemas de aseguramento da calidade baseados na serie de normas UNE-EN 29000, certificadas por organismos conformes a serie de normas UNE-EN 45000.

As entidades contratantes recoñecerán os certificados equivalentes expedidos por organismos autorizados establecidos noutros estados membros. Tamén aceptarán outras probas de medidas equivalentes de aseguramento da calidade que presenten os prestadores de servicios que non teñan acceso a estes certificados ou non teñan ningunha posibilidade de obtelos no prazo fixado.

Artigo 50. *Información sobre os contratos.*

1. As entidades contratantes comunicarán simultaneamente á Comisión Europea e á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Administración do Estado ou, se é o caso, da Comunidade Autónoma correspondente, nun prazo de dous meses desde a súa formalización, os contratos realizados. O órgano da Comunidade Autónoma dará coñecemento ó da Administración do Estado da información recibida. As entidades contratantes realizarán a comunicación mediante o modelo de anuncio que a Comisión aprobe e publique no «Diario Oficial das Comunidades Europeas». Así mesmo, efectuarán, se é o caso, esta comunicación ó Rexistro Público de Contratistas da Comunidade Autónoma da que dependan, á que se encontren vinculadas ou da que obtivesen autorización para exercer-la actividade.

2. As entidades contratantes que adxudiquen contratos de servicios de investigación e desenvolvemento ós que se aplique o artigo 25.b) poderán mencionar unicamente a designación principal do obxecto do contrato de acordo coa clasificación do anexo VI. Cando non resulte de aplicación ós ditos contratos o artigo 25.b), a información poderá limitarse se así o esixisen preocupacións de segredo comercial. Non obstante, as entidades contratantes velarán porque as informacións publicadas sexan polo menos tan detalladas como as contidas na convocatoria de licitación. Cando se utilice un sistema de clasificación, a información deberá recoller cando menos a referente á categoría prevista no artigo 21.2. nos casos incluídos no anexo VI B, as entidades contratantes deberán indicar no anuncio se aceptan a súa publicación.

3. As entidades contratantes conservarán, polo menos durante un período de catro anos a partir da data de adxudicación, a información adecuada sobre cada contrato que lles permita facilitar á Comisión Europea a información que necesite e xustificar posteriormente as decisións relativas ós seguintes aspectos:

a) Clasificación, selección das empresas e adxudicación dos contratos.

b) Utilización das excepcións á aplicación das especificacións técnicas europeas, de acordo co disposto no artigo 14.

c) Utilización de procedementos sen convocatoria de licitación previa de conformidade co establecido no artigo 25.

d) Non-aplicación das disposicións dos títulos II, III e IV, en virtude das excepcións previstas no título I.

4. As entidades que exerzan actividades nos sectores de produción, transporte ou distribución de auga potable, electricidade, servicios de ferrocarrís urbanos, tranvías, trolebuses ou autobuses, instalacións de aeroportos e portos marítimos ou fluviais ou outras terminais, comunicarán coa maior brevidade ós licitadores as decisións adoptadas en relación coa adxudicación do contrato e, en caso de que así se solicite, farano por escrito.

Así mesmo, comunicarán o antes posible a partir da recepción dunha solicitude por escrito a todo candidato ou licitador descartado os motivos do rexeitamento da súa candidatura ou da súa oferta e, con respecto a todo contratista que efectuase unha oferta admisible, as características e vantaxes relativas da oferta seleccionada, así como o nome do adxudicatario.

Non obstante, as entidades contratantes poderán decidir non dar a coñecer determinada información relativa á adxudicación do contrato cando a súa divulgación dificulte a aplicación da lei, sexa contraria ó interese público, prexudique os intereses comerciais lexítimos de determinadas empresas, públicas ou privadas, incluídos os da empresa á que se adxudicase o contrato ou poida falsear-la competencia.

TÍTULO V

Reclamacións e outras medidas de control dos procedementos

CAPÍTULO I

Reclamacións nos procedementos de adxudicación de contratos

Artigo 51. *Competencia.*

1. Os órganos de contratación das administracións públicas enumeradas no artigo 2.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou aqueloutros órganos delas que, se é o caso, designen as comunidades autónomas, exercerán respecto das entidades enumeradas no artigo 2.1 desta lei, a elas adscritas ou vinculadas, ou ás que outorgasen un dereito especial ou exclusivo, as seguintes competencias en relación cos contratos os procedementos de adxudicación dos cales se regulan:

a) Resolve-las reclamacións que se presenten por infracción das normas contidas nesta lei.

b) Acorda-las medidas cautelares necesarias para asegura-la eficacia da resolución que no seu momento se dicte.

c) Fixa-las indemnizacións que procedan, logo da correspondente reclamación de danos e perdas, por infracción así mesmo das disposicións contidas nesta lei.

2. Se a entidade contratante fose unha asociación das recollidas na alínea b) do artigo 2.1 e houberse varias administracións públicas de referencia pola diferente adscripción ou vinculación dos seus membros, ou unha soa entidade contratante se encontrase no mesmo suposto, por operar en varios sectores dos incluídos no artigo 3, a reclamación poderá ser presentada ante cal-

quera das administracións públicas citadas que virá obrigada a resolver.

3. Para os efectos do punto 1 deste artigo, cando a entidade contratante teña relación con máis dunha Administración pública, en razón da súa adscrición ou vinculación formal e do título administrativo que explota, a Administración competente será a que o outorgase.

Artigo 52. Principio de colaboración coa Comisión Europea.

Cando, a pedimento da Comisión Europea, se tramite un procedemento relativo a posibles incidencias advertidas na adxudicación dun contrato, como consecuencia da aplicación do disposto nesta lei, as entidades contratantes achegarán a información que lles fose requirida para remitirlle á Comisión Europea a resposta que proceda.

CAPÍTULO II

Tramitación das reclamacións

Artigo 53. Procedemento.

O procedemento para tramitar as reclamacións por infracción do disposto na presente lei rexerá polas disposicións da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, coas especialidades que se recollen nos artigos seguintes.

Artigo 54. Lexitimación.

1. Poderá deducirse a correspondente reclamación ó amparo do disposto nesta lei calquera persoa que teña ou tivese un dereito subxectivo ou un interese lexítimo na adxudicación dalgún dos contratos incluídos nela que considere que foi ou pode ser prexudicada polo incumprimento por parte das entidades contratantes das disposicións nela contidas.

2. Será de aplicación en canto resulte compatible coa presente lei o disposto no título III da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 55. Iniciación do procedemento.

1. Toda persoa que desexa iniciar un procedemento de reclamación deberá notificar previamente á entidade contratante a presunta violación ou incumprimento do disposto na presente lei e a súa intención de inicialo.

2. O procedemento iniciárase mediante a presentación da correspondente reclamación pola persoa interesada, de acordo co previsto no artigo seguinte.

3. O prazo para a presentación da reclamación será de quince días hábiles, contado desde o seguinte ó da publicación se é o caso da licitación do contrato no «Diario Oficial das Comunidades Europeas» ou desde que se produza a infracción que se denuncia.

A presentación da reclamación rexerá polo previsto no artigo 38.4 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 56. Contido da reclamación.

A reclamación deberá conter polo menos os seguintes extremos:

a) Identificación da persoa que reclama con indicación do domicilio para notificacións. Para estes efectos poderanse incluí-los números ou claves que correspon-

dan ós medios de telecomunicación con que conte a empresa.

b) Identificación da entidade contratante e, se é o caso, do «Diario Oficial das Comunidades Europeas» no que se publicase a licitación correspondente.

c) Os preceptos desta lei que se consideren incumpridos pola entidade contratante e, se é o caso, a indemnización que se solicita, todo isto xunto coa correspondente motivación.

d) As medidas cautelares que se soliciten, motivando así mesmo a dita solicitude.

e) Lugar, data e sinatura.

Artigo 57. Admisión das reclamacións.

1. O órgano competente para resolver disporá dun prazo de oito días hábiles para decidir motivadamente sobre a admisión da reclamación. Este prazo incrementase en tres días hábiles que se lle concederán ó interesado para a emenda, se é o caso, dalgún requisito.

2. Só procederá a non-admisión no caso de que a reclamación non se axuste ó disposto no artigo 56 ou cando esta se presente fóra de prazo ou perante órgano incompetente.

3. O acordo de non-admisión pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

Artigo 58. Medidas cautelares.

1. No mesmo prazo establecido no artigo anterior, o órgano competente para resolver decidirá, motivadamente, sobre a adopción das medidas cautelares solicitadas polo reclamante ou outras que considere oportunas para corrixir a presunta infracción dos procedementos regulados nesta lei ou impedir que se causen prexuízos ós intereses afectados, e poderá suspender, se é o caso, o procedemento de adxudicación en curso ou a formalización do contrato.

Para estes efectos, o órgano decisorio, no prazo de dous días hábiles desde que se reciba a reclamación, comunicarlle esta á entidade contratante, que disporá dun prazo de tres días, así mesmo hábiles, para presentar as alegacións que considere oportunas referidas á adopción das medidas cautelares solicitadas polo reclamante ou ás propostas polo propio órgano decisorio. Se transcorrido este prazo non se formularsen alegacións continuarase o procedemento.

2. Na adopción de medidas cautelares aplicarase o previsto no artigo 111 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, non sendo de aplicación o disposto no seu punto 4.

3. As medidas cautelares que se adopten non poderán prolongarse por prazo superior a dous meses e cesarán, en todo caso, cando se execute a correspondente resolución administrativa, prevista no artigo 62 desta lei.

4. O órgano competente para resolver, de oficio ou por instancia de parte, poderá acordar en calquera momento do procedemento a suspensión, modificación ou revogación das medidas cautelares en virtude de circunstancias sobrevidas ou que non puideron ser coñecidas ó tempo da súa adopción.

5. Contra a resolución sobre medidas cautelares poderá interpoñerse recurso perante a xurisdicción contencioso-administrativa.

Artigo 59. Participación dos interesados.

O trámite de audiencia e a participación dos interesados rexerá polo previsto nos artigos 84, 85 e 86

da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se ben o prazo para a presentación de alegacións será de cinco días hábiles.

Artigo 60. Prazo para resolver.

1. O órgano competente dictará a resolución motivada que proceda no prazo de dous meses.

2. Sen prexuízo da obriga de resolver que lle corresponde á Administración, as reclamacións deducidas entenderanse desestimadas polo transcurso do prazo para a súa resolución, cos efectos previstos no artigo 64.1 desta lei.

Artigo 61. Concorrenza do procedemento con outro tramitado pola Comisión Europea.

O órgano competente para resolver deberá suspenderlo procedemento a pedimento de parte se se acredita documentalmente que se está seguindo un procedemento de conciliación, tal como se regula no capítulo IV deste título, polos mesmos feitos perante a Comisión, decidindo, se procede, a suspensión das medidas cautelares que puidese acordar. A suspensión do procedemento alzarase, así mesmo a pedimento de parte, se a conciliación non prosperase.

Artigo 62. Contido da resolución.

1. A resolución do procedemento poderá acorda-la anulación das decisións ilegais adoptadas pola entidade contratante, incluíndo a supresión das características técnicas, económicas ou financeiras discriminatorias contidas no anuncio de licitación, o anuncio periódico indicativo, o anuncio sobre a existencia dun sistema de clasificación, a propia convocatoria de licitación, os pregos de condicións ou calquera outro documento relacionado co procedemento de adxudicación en cuestión.

2. A resolución poderá decidir tamén a anulación da adxudicación do contrato se este non fose aínda formalizado.

3. Se o contrato estivese formalizado, a Administración poderá declarar, se procede, a obriga de indemnizar a persoa interesada polos danos e perdas que lle puidese ocasiona-lo incumprimento do previsto nesta lei pola entidade contratante. O importe da indemnización fixarase de acordo co previsto no artigo seguinte.

Artigo 63. Determinación da indemnización.

1. O órgano competente para resolver deberá pronunciarse, se se tivese solicitado, sobre a procedencia ou non de indemnización por danos e perdas.

2. Para que proceda a indemnización esixirase que se probase que houbo infracción do disposto na presente lei e que o reclamante tivese unha posibilidade real de obter-lo contrato se non se cometese tal infracción.

3. A indemnización fixarase atendendo no posible ós criterios do artigo 141.2 e 3 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A indemnización deberá cubrir cando menos os gastos ocasionados pola preparación da oferta ou a participación no procedemento de contratación.

Artigo 64. Control e executividade das resolucións.

1. As resolucións recaídas no procedemento esgotan a vía administrativa podendo ser impugnadas ante os tribunais da xurisdicción contencioso-administrativa.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, estas resolucións serán directamente executivas resultando de aplicación, se é o caso, o disposto no artigo 97 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

CAPÍTULO III

Réxime de certificados

Artigo 65. Sistema de certificación.

1. As entidades contratantes poderán acudir a un sistema de certificación no que os axentes ós que se refire o artigo 67 fagan constar, tralos pertinentes exames periódicos que, neses momentos, os procedementos de adxudicación dos contratos que aplican se axustan ás disposicións desta lei.

2. Os responsables da emisión dos certificados xuntarán a este un informe escrito por conta das entidades contratantes sobre os resultados do seu exame. Antes de emitir un certificado, os responsables da súa emisión comprobarán que as posibles irregularidades observadas nos procedementos de adxudicación dos contratos ou na aplicación práctica destes foron corrixiadas e que se tomaron medidas para evitar que se repitan.

Artigo 66. Referencia ós certificados.

As entidades contratantes que obtivesen o certificado poderán incluí-la seguinte declaración nos anuncios dos contratos sometidos a esta lei e suxeitos á publicidade no «Diario Oficial das Comunidades Europeas»:

«A entidade contratante obtivo un certificado conforme a Directiva 92/13/CEE do Consello, no que se fai constar que, con data do ..., os seus procedementos de adxudicación de contratos e a súa aplicación práctica se axustan ó dereito comunitario en materia de adxudicación de contratos e ás normas nacionais que incorporan este dereito.»

Artigo 67. Competencia para emitir certificados.

1. Os responsables da emisión dos certificados serán independentes das entidades contratantes e deberán exercer-las súas funcións de forma obxectiva. Así mesmo garantirán, de forma apropiada, posuí-la cualificación e a experiencia profesionais pertinentes.

2. Regulamentariamente, determinaranse os requisitos que deben reuni-los responsables da emisión de tales certificados, establecendo as cualificacións académicas e profesionais necesarias para iso. En todo caso, esixirase estar como mínimo en posesión dun título de ensino superior de carácter oficial que teña unha duración de tres anos ou ter superado determinados exames de aptitude profesional, que ofrezan as correspondentes garantías, organizados ou recoñecidos pola Administración da que dependa ou á que se encontre vinculada a entidade contratante ou que outorgase a correspondente concesión ou autorización dalgunha das actividades enumeradas no artigo 3 da presente lei.

CAPÍTULO IV

Procedemento de conciliación

Artigo 68. Solicitude.

Calquera persoa que teña ou tivese interese en obter un contrato abranguido no ámbito de aplicación desta lei e que coide, no marco do procedemento de adxu-

dicación do dito contrato, que foi prexudicado ou pode selo polo incumprimento das normas de procedemento poderá solicita-la conciliación regulada nos artigos seguintes.

A solicitude para iniciar o procedemento de conciliación dirixirase por escrito á Comisión Europea ou ó Ministerio de Economía e Facenda (Xunta Consultiva de Contratación Administrativa) que a transmitirá o antes posible á Comisión.

Artigo 69. *Procedemento.*

O procedemento de conciliación tramitarase conforme o establecido no capítulo 4 da Directiva 92/13/CEE e as normas dictadas para o efecto en desenvolvemento deste pola Comisión Europea.

Artigo 70. *Concurrencia do procedemento con outros procedementos de control.*

Se en relación cun procedemento de adxudicación dun contrato, unha persoa interesada, distinta da que instou a conciliación, formula unha reclamación, a entidade contratante informará os conciliadores.

Artigo 71. *Efectos do procedemento de conciliación.*

As medidas adoptadas en aplicación do procedemento de conciliación non afectarán as que a Comisión ou o Estado poida tomar en aplicación dos artigos 169 e 170 do Tratado ou en aplicación do capítulo 3 da Directiva 92/13/CEE, ós dereitos da persoa que invocase a aplicación do procedemento, ós da entidade contratante ou ós de calquera outra persoa.

Disposición adicional primeira. *Imposto sobre o valor engadido.*

Nas cantidades establecidas nesta lei non se considerará incluído o importe correspondente ó imposto sobre o valor engadido, nin o imposto xeral indirecto canario cando o contrato teña que realizarse no ámbito territorial das illas Canarias.

Disposición adicional segunda. *Limiares aplicables ás administracións públicas e organismos autónomos.*

Non obstante o disposto no artigo 2.2 desta lei, cando as administracións públicas e os seus organismos autónomos adxudiquen contratos que se refiran a actividades recollidas no artigo 3 aplicarán os limiares establecidos no artigo 8 para efectos da publicidade dos anuncios dos contratos no «Diario Oficial das Comunidades Europeas».

Disposición adicional terceira. *Entidades contratantes.*

Entenderanse como entidades contratantes para os efectos desta lei, con carácter enunciativo e non limitativo, as non recollidas no artigo 2.2 que se enumeran a seguir:

I. Entidades contratantes do sector da produción, transporte ou distribución de auga potable:

Entidades que producen ou distribúen auga en virtude da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e do Real decreto lexislativo 781/1986,

do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Canal de Isabel II, Lei 17/1984, do 20 de decembro, da Comunidade Autónoma de Madrid.

Aigües Ter-Llobregat, Lei 4/1990, do 9 de marzo, do Parlamento de Cataluña.

Consorcio de Aguas de Tarragona, Lei 18/1981, do 1 de xullo, de actuacións en Tarragona en materia de augas.

II. Entidades contratantes do sector da produción, transporte ou distribución de electricidade:

Entidades encargadas da produción, transporte ou distribución de electricidade en virtude do disposto na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico. «Red Eléctrica de España, Sociedad Anónima.»

III. Entidades contratantes do sector do transporte ou distribución de gas ou combustible para calefacción:

Entidades que operan en virtude da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

IV. Entidades contratantes de prospección e extracción de petróleo ou gas:

As que realicen estas actividades de conformidade coa Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

V. Entidades contratantes do sector da prospección e extracción de carbón ou outros combustibles sólidos:

Entidades encargadas da prospección de carbón ou outros combustibles sólidos en virtude da Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, modificada pola Lei 54/1980, do 5 de novembro, e polo Real decreto lexislativo 1303/1986, do 28 de xuño.

VI. Entidades contratantes do sector dos servicios de ferrocarrís:

Red Nacional de los Ferrocarriles Españoles (RENFE). Ente público Gestor de Infraestructuras Ferroviarias (GIF), agás para os contratos suxeitos á Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas, segundo o disposto no artigo 160. catro da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas administrativas, fiscais e da orde social.

Ferrocarriles de Vía Estrecha (FEVE).

Ferrocarrils de la Generalitat de Catalunya (FGC).

Eusko Trenbideak (Bilbao).

Ferrocarriles de la Generalitat Valenciana. (FGV).

Ferrocarriles de Mallorca.

VII. Entidades contratantes do sector dos servicios de ferrocarrís urbanos, tranvías, trolebuses ou autobuses:

Entidades que prestan servicios públicos de transporte urbano de acordo coa Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e correspondente lexislación autonómica se é o caso.

Entidades que prestan servicios públicos de transporte interurbano mediante autobuses, de acordo coa Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres e correspondente lexislación autonómica se é o caso.

Empresa Nacional de Transportes de Viajeros por Carretera (ENATCAR).

Entidades que prestan servicios públicos de autobuses segundo a disposición transitoria terceira da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres.

VIII. Entidades contratantes do sector das instalacións de aeroportos:

Ente público Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea. Estatuto aprobado polo Real decreto 905/1991, do 14 de xuño, modificado parcialmente polos Reais decretos 1993/1996, do 6 de setembro, e 1711/1997, do 14 de novembro.

IX. Entidades contratantes do sector dos portos marítimos ou fluviais ou outras terminais:

Ente público Puertos del Estado y Autoridades Portuarias a que se refire a Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da Mariña Mercante, e demais administracións portuarias.

X. Organismos contratantes do sector das telecomunicacións:

«Telefónica de España, Sociedad Anónima.»

«Retevisión, Sociedad Anónima.»

Disposición adicional cuarta. *Réxime do organismo público Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea.*

1. O organismo público Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea (AENA), no non previsto nesta lei, axustará o seu réxime de contratación ó dereito privado.

2. Os bens de dominio público aeroportuario que resulten innecesarios para o cumprimento de fins deste carácter poderán ser desafectados polo ministro de Fomento, logo de declaración de innecesiedade polo Consello de Administración de AENA, e incorporaranse ó patrimonio do organismo público, que poderá proceder ó seu alleamento ou permuta. Se o valor fose superior a tres mil millóns de pesetas, o seu alleamento deberá, ademais, ser autorizado polo Goberno por proposta do ministro de Fomento.

Disposición adicional quinta. *Modificación da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións.*

Modifícase o primeiro inciso do parágrafo segundo do artigo 26 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, inciso que quedará redactado tal como segue:

«Ademais deberán xustificar que os prezos de interconexión que ofrezan se orientan a custos e desagregar estes de forma tal que o petionario da interconexión ás súas redes non sufrague un importe superior ó estrictamente relacionado co servicio solicitado.»

Disposición adicional sexta. *Infraestructuras de telecomunicacións.*

Tódolos operadores, debidamente habilitados, que instalen redes de telecomunicacións ou presten servicios de telecomunicacións terán, para estes efectos, os mesmos dereitos en relación coa ocupación do dominio público ou da propiedade privada, nos termos establecidos

na Lei xeral de telecomunicacións e nas súas normas de desenvolvemento, con independencia de que realicen calquera outra actividade adicional.

Disposición derogatoria única. *Disposicións que se derrogan.*

Quedan derogadas tódalas disposicións de igual ou inferior rango en canto se opoñan ó establecido nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial e carácter da lexislación.*

O contido desta lei ten carácter de lexislación básica, dictada ó amparo do artigo 149.1.18.^a da Constitución, no que se refire ó réxime de contratación dos organismos e entidades incluídos na Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas, excepto o último inciso do artigo 45.1 e o punto 2 do mesmo artigo que serán de aplicación xeral en defecto de regulación específica dictada polas comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Actualización de prazos e lista de entidades contratantes.*

Autorízase o Consello de Ministros para que poida modificar, mediante Real decreto, logo de informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, as previsións que a presente lei contén en materia de prazos para a súa adaptación ós que estableza a Unión Europea. Así mesmo, autorízase o Consello de Ministros para modifica-la lista de entidades contratantes que figura na disposición adicional terceira.

Disposición derradeira terceira. *Actualización de cifras fixadas pola Unión Europea.*

As cifras que no sucesivo sexan fixadas pola Unión Europea e publicadas por orde do Ministerio de Economía e Facenda, en euros, unidades de conta europea (ecus), dereitos especiais de xiro (dex) ou en pesetas, substituirán ás que figuren no texto desta lei.

Disposición derradeira cuarta. *Lista de actividades e anuncios.*

Aprobarase mediante orde ministerial da Presidencia, logo de informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, a adaptación dos anexos I, II, III, IV, V, VI (A e B), VII e VIII desta lei ás modificacións que nos anexos da Directiva 93/38/CEE introduza a normativa comunitaria.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o 1 xaneiro de 1999.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Baqueira Beret, 30 de decembro de 1998.

JUAN CARLOS R.

ANEXO I

Lista de actividades profesionais correspondente á nomenclatura xeral de actividades económicas nas Comunidades Europeas (NACE)

Clases	Grupos	Subgrupos e posicións	Título
50			Construcción e enxeñería civil
	500		<i>Construcción e enxeñería civil (sen especialización), demolición</i>
		500.1	Construcción de edificios e obras de enxeñería civil, sen especialización.
		500.2	Demolición.
	501		<i>Construcción de inmobles (vivendas e outros)</i>
		501.1	Empresa xeral de construción.
		501.2	Empresa de teitumes.
		501.3	Construcción de chemineas e fornos.
		501.4	Empresa de estanquidade.
		501.5	Empresa de revocadura e mantemento de fachadas.
		501.6	Empresa de estadaxe.
		501.7	Empresa especializada noutras actividades da construción (incluído armazón).
	502		<i>Enxeñería civil: Construcción de estradas, pontes, vías férreas, etc.</i>
		502.1	Empresa xeral de enxeñería civil.
		502.2	Empresa de movemento de terras ó descuberto.
		502.3	Empresa de obras de arte terrestres (ó descuberto ou subterráneas).
		502.4	Construcción de obras de arte fluviais e marítimas.
		502.5	Construcción de vías urbanas e estradas (incluída a construción especializada de aeródromos).
		502.6	Empresas especializadas no sector da auga (rego, drenaxe, traída, avaliación de augas residuais, depuración).
		502.7	Empresas especializadas noutras actividades de enxeñería civil.
	503		<i>Instalación</i>
		503.1	Empresa de instalación xeral.
		503.2	Canalización (instalación de gas, auga e aparellos sanitarios).
		503.3	Instalación de calefacción e ventilación (instalación de calefacción central, acondicionamento de aire, ventilación).
		503.4	Illamento térmico, sónico e antivibracións.
		503.5	Illamento de electricidade.
		503.6	Illamento de antenas, pararraios, teléfono, etc.
	504		<i>Decorados e acabados</i>
		504.1	Decoración xeral.
		504.2	Xesería.
		504.3	Carpintería de madeira, orientada principalmente á colocación (incluída a colocación de parqués).
		504.4	Pintura, vidrería, colocación de papel pintado.
		504.5	Revestimento de pisos e paredes (colocación de baldosas, outros pisos e revestimentos adheridos).
		504.6	Decoración varia (colocación de estufas de louzas, etc.).

ANEXO II

A) Procedemento aberto

1. Nome, enderezo, enderezo telegráfico; números de teléfono, télex e fax da entidade contratante.

2. Natureza do contrato (subministración, obras ou servizos; indíquese, se procede, se se trata dun acordo marco).

Categoría do servizo no sentido do anexo VI A ou VI B e descrición deste (clasificación CPC).

Se procede, deberá indicarse se as ofertas se solicitan para compra, arrendamento financeiro, aluguer ou venda a prazos ou para varias destas opcións.

3. Lugar de entrega, de execución ou de prestación.

4. Para subministracións e obras:

a) Natureza e cantidade dos produtos que se vaian subministrar, incluída toda opción para contratos pos-

teriores e, de ser posible, a data aproximada en que poderán exercerse as opcións. No caso dunha serie de contratos para adxudicar ou de contratos renovables tamén se precisará, de ser posible, a data aproximada das convocatorias de licitación posteriores para os produtos que se vaian subministrar ou a natureza e o alcance das prestacións e as características xerais da obra;

b) indicacións sobre a posibilidade de licitar por unha parte e/ou polo conxunto das subministracións requiridas.

En caso de que, para os contratos de obras, a obra ou o contrato estea dividido en varios lotes, a magnitude dos distintos lotes e posibilidade de licitar por un, varios ou todos eles;

c) para os contratos de obras: indicacións sobre o obxectivo da obra ou do contrato, cando se inclúa tamén a elaboración de proxectos.

5. Para servizos:

a) Natureza e número dos servizos que se vaian prestar, incluída toda opción para contratos posteriores e, de ser posible, a data aproximada en que poderán exercerse as opcións. No caso dunha serie de contratos renovables tamén se precisará, de ser posible, a data aproximada das convocatorias de licitación posteriores para os servizos que se vaian prestar;

b) deberá indicarse se, de acordo coas normas legais, regulamentarias ou administrativas, se reserva a prestación do servizo a unha determinada profesión;

c) referencia a esa norma legal, regulamentaria ou administrativa;

d) deberá indicarse se as persoas xurídicas deben cita-los nomes e as cualificacións profesionais do persoal responsable da execución do servizo;

e) deberá indicarse se os prestadores poden licitar por unha parte deles.

6. Posibilidade de presentación de variantes.

7. Exención de utilización das especificacións europeas, de conformidade co punto 1 do artigo 14.

8. Prazo de entrega ou execución ou duración do contrato de servizos e, na medida do posible, a data de inicio.

9. a) Enderezo do servizo ó que poden solicitarse o prego de condicións e os documentos complementarios.

b) Se procede, importe e forma de pagamento da suma que deba aboarse para obter estes documentos.

10. a) Data límite de recepción das ofertas.

b) Enderezo ó que deben enviarse.

c) Lingua ou linguas en que deben redactarse.

11. a) Se procede, persoas admitidas a asistir á apertura das ofertas.

b) Data, hora e lugar desta apertura.

12. Se procede, fianza e garantías esixidas.

13. Modalidades básicas de financiamento e de pagamento, e/ou referencias ós textos que as regulan.

14. Se procede, forma xurídica que deberá adopta-la agrupación de provedores, contratistas ou prestadores de servizos adxudicatarios do contrato.

15. Condicións mínimas de carácter económico e técnico ás que deberá axustarse o provedor, contratista ou prestador adxudicatario.

16. Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta.

17. Criterios diferentes ó do prezo máis baixo mencionaranse cando non figuren no prego de condicións.

18. Información complementaria.

19. Se procede, a referencia da publicación no «Diario Oficial das Comunidades Europeas» do anuncio periódico de información ó que se refire o contrato.

20. Data de envío do anuncio pola entidade contratante.

21. Data de recepción do anuncio pola Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas (que será facilitado por esta oficina).

B) Procedemento restrinxido

1. Nome, enderezo, enderezo telegráfico; números de teléfono, télex e fax da entidade contratante.

2. Natureza do contrato (subministración, obras ou servizos; indíquese, se procede, se se trata dun acordo marco).

Categoría do servizo no sentido do anexo VI A ou VI B e a súa descrición (clasificación CPC).

Se procede, deberá indicarse se as ofertas se solicitan para compra, arrendamento financeiro, aluguer ou venda a prazos ou para varias destas opcións.

3. Lugar de entrega, de execución ou de prestación.

4. Para subministracións e obras:

a) Natureza e cantidade dos produtos que se vaian subministrar. Indica-las opcións para contratos posteriores e, de ser posible, a data aproximada en que poderán exercerse as opcións. No caso dunha serie de contratos para adxudicar ou de contratos renovables tamén deberán precisarse, de ser posible, as datas aproximadas das convocatorias de licitación posteriores para os produtos que se vaian subministrar; ou natureza e alcance das prestacións; características xerais da obra;

b) indicacións sobre a posibilidade de licitar por unha parte ou polo conxunto das subministracións requiridas.

En caso de que, para os contratos de obras, a obra ou o contrato estea dividido en varios lotes, magnitude dos distintos lotes e posibilidade de licitar por un, varios ou todos eles;

c) para os contratos de obras: indicacións sobre o obxectivo da obra ou do contrato, cando se inclúa tamén a elaboración de proxectos.

5. Para servizos:

a) Natureza e número dos servizos que se vaian prestar. Indica-las opcións para contratos posteriores e, de ser posible, a data aproximada en que poderán exercerse as opcións. No caso dunha serie de contratos para adxudicar ou de contratos renovables tamén se precisarán, de ser posible, as datas aproximadas das convocatorias de licitación posteriores para os servizos que se vaian prestar;

b) deberá indicarse se, de acordo coas normas legais, regulamentarias ou administrativas, se reserva a prestación do servizo a unha determinada profesión;

c) referencia á dita norma legal, regulamentaria ou administrativa;

d) deberá indicarse se as persoas xurídicas deben cita-los nomes e as cualificacións profesionais do persoal responsable da execución do servizo;

e) deberá indicarse se os prestadores de servizos poden licitar por unha parte deles.

6. Posibilidade de presentación de variantes.

7. Exención de utilización das especificacións europeas, de conformidade co punto 1 do artigo 14.

8. Prazo de entrega ou execución ou duración do contrato de servizos e, na medida do posible, a data de inicio.

9. Se procede, forma xurídica que deberá adopta-la agrupación de provedores, contratistas ou prestadores adxudicatarios do contrato.

10. a) Data límite de recepción das solicitudes de participación.

b) Enderezo ó que deben enviarse.

c) Lingua ou linguas en que deben redactarse.

11. Data límite de envío das invitacións para licitar.

12. Se procede, fianza e garantías esixidas.

13. Modalidades básicas de financiamento e de pagamento e/ou referencias ós textos que as regulan.

14. Información sobre a situación do provedor, contratista ou prestador de servizos e condicións mínimas de carácter económico e técnico ás que deberá axustarse.

15. Criterios de adxudicación do contrato cando non se mencionen na invitación para licitar.

16. Información complementaria.

17. Se procede, a referencia da publicación no «Diario Oficial das Comunidades Europeas» do anuncio periódico de información ó que se refire o contrato.

18. Data de envío do anuncio polas entidades contratantes.

19. Data de recepción do anuncio pola Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas (que será facilitada por esta oficina).

C) Procedemento negociado

1. Nome, enderezo, enderezo telegráfico; números de teléfono, télex e fax da entidade adjudicadora.

2. Natureza do contrato (subministración, obras ou servizos; indíquese, se procede, se se trata dun acordo marco).

Categoría do servizo no sentido do anexo VI A ou VI B e a súa descrición (clasificación CPC).

Se procede, deberá indicarse se as ofertas se solicitan para compra, arrendamento financeiro, aluguer ou venda a prazos ou para varias destas opcións.

3. Lugar de entrega, de execución ou de prestación.

4. Para subministracións e obras:

a) Natureza e cantidade dos produtos que se vaian subministrar, incluída toda opción para contratos posteriores e, de ser posible, a data aproximada en que poderán exercerse as opcións. No caso dunha serie de contratos para adjudicar ou de contratos renovables tamén se precisará, de ser posible, a data aproximada das convocatorias de licitación posteriores para os produtos que se vaian subministrar; ou natureza e alcance das prestacións; características xerais da obra;

b) indicacións sobre a posibilidade de licitar por unha parte e/ou polo conxunto das subministracións requiridas.

En caso de que, para os contratos de obras, a obra ou o contrato estea dividido en varios lotes, magnitude dos distintos lotes e posibilidade de licitar por un, varios ou todos eles;

c) para os contratos de obras: indicacións sobre o obxectivo da obra ou do contrato, cando se inclúa tamén a elaboración de proxectos.

5. Para servizos:

a) Natureza e número dos servizos que se vaian prestar, incluída toda opción para contratos posteriores e, de ser posible, a data aproximada en que poderán exercerse as opcións. No caso dunha serie de contratos para adjudicar ou de contratos renovables tamén se precisará, de ser posible, a data aproximada das convocatorias de licitación posteriores para os servizos que se vaian prestar;

b) deberá indicarse se, de acordo coas normas legais, regulamentarias ou administrativas, se reserva a prestación do servizo a unha determinada profesión;

c) referencia ás normas legais, regulamentarias ou administrativas;

d) deberá indicarse se as persoas xurídicas deben cita-los nomes e as cualificacións profesionais do persoal responsable da execución do servizo;

e) deberá indicarse se os prestadores de servizos poden licitar por unha parte deles.

6. Posibilidade de presentación de variantes.

7. Exención da utilización das especificacións europeas, de conformidade co punto 1 do artigo 14.

8. Prazo de entrega ou execución ou duración do contrato de servizos e, na medida do posible, data de inicio.

9. Se procede, forma xurídica que deberá adopta-la agrupación de provedores, contratistas ou prestadores de servizos adjudicataria do contrato.

10. a) Data límite de recepción das solicitudes de participación.

b) Enderezo ó que deben enviarse.

c) Lingua ou linguas en que deben redactarse.

11. Se procede, fianza e garantías esixidas.

12. Modalidades básicas de financiamento e de pagamento e/ou referencias ós textos que as regulan.

13. Situación do provedor, contratista ou prestador de servizos e condicións mínimas de carácter económico e técnico ás que deberá axustarse.

14. Criterios de adjudicación do contrato cando non se mencionen na invitación para licitar ou o prego de condicións.

15. Se procede, nomes e enderezos dos provedores, contratistas ou prestadores de servizos xa seleccionados pola entidade contratante.

16. Se procede, data ou datas das publicacións no «Diario Oficial das Comunidades Europeas».

17. Información complementaria.

18. Se procede, a referencia da publicación no «Diario Oficial das Comunidades Europeas» do anuncio periódico de información ó que se refire o contrato.

19. Data de envío do anuncio polas entidades contratantes.

20. Data de recepción do anuncio pola Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas (que será facilitado por esta oficina).

ANEXO III

Anuncio dun sistema de clasificación

1. Nome, enderezo, enderezo telegráfico; números de teléfono, télex e fax da entidade contratante.

2. Obxecto do sistema de clasificación (descrición dos produtos, servizos ou obras ou categorías destes que deban contratarse a través do sistema).

3. Condicións que deberán cumprilos provedores, contratistas e prestadores de servizos con vistas á súa clasificación de acordo co sistema e os métodos de verificación delas. Cando a descrición destas condicións e dos métodos de verificación sexa voluminosa e se basee en documentos a disposición dos provedores, contratistas e prestadores de servizos interesados, abondará un resumo das condicións e os métodos máis importantes e unha referencia ós ditos documentos.

4. Período de validez do sistema de clasificación e trámites para a súa renovación.

5. Mención de que o anuncio serve de convocatoria de licitación.

6. Enderezo no que se pode obter información complementaria e a documentación relativa ó sistema de clasificación (cando este enderezo sexa diferente da indicada no punto 1).

7. Se procede, outras informacións.

ANEXO IV

Anuncio periódico

Rúbricas que deberán encherse en tódolos casos

1. Nome, enderezo, enderezo telegráfico; números de teléfono, télex e fax da entidade contratante ou do servizo no que pode obter información complementaria.

2. a) Para os contratos de subministracións: natureza e cantidade ou valor das prestacións ou dos produtos que se van subministrar.

b) Para os contratos de obras: natureza e amplitude das prestacións, características xerais da obra ou dos lotes relacionados coa obra.

c) Para os contratos de servizos: importe total das compras recollidas en cada unha das categorías de servizos que figuran no anexo VI A.

3. Data de envío do anuncio polas entidades contratantes.

4. Data de recepción do anuncio na Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas (será facilitado por esta Oficina).

5. Se procede, outras informacións.

Informacións que deberán facilitarse obrigatoriamente se o anuncio servise de convocatoria de licitación ou permitise unha redución dos prazos de recepción das candidaturas ou das ofertas

6. Mención de que os provedores interesados deben comunicarlle á entidade o seu interese polo ou polos contratos.

7. Data límite de recepción das solicitudes que teñan como obxectivo obter unha invitación para licitar.

Informacións que deberán comunicar, sempre que se dispoña delas, cando o anuncio sirva de convocatoria de licitación ou permita unha redución dos prazos de recepción das candidaturas ou das ofertas

8. Natureza e número dos produtos que se vaian subministrar ou características xerais da obra ou categoría do servizo segundo o anexo VI A e descrición (clasificación CPC) precisando se se prevé un ou varios acordos marco. Así mesmo, precívese, en particular, toda opción para contratos posteriores e a data aproximada en que poderán exercerse as opcións. No caso dunha serie de contratos para adxudicar ou de contratos renovables, deberá precisarse tamén a data aproximada das convocatorias de licitación posteriores.

9. Indíquese se as ofertas se solicitan para compra, arrendamento financeiro, aluguer ou venda a prazos ou para varias destas opcións.

10. Prazo de entrega ou execución ou duración do contrato e, na medida do posible, data de inicio.

11. Enderezo ó que as empresas interesadas deben manifesta-lo seu interese por escrito.

Data límite de recepción de manifestacións de interese.

Lingua ou linguas autorizadas para a presentación de candidaturas ou de ofertas.

12. Condicións de carácter económico e técnico, garantías financeiras e técnicas esixidas ós provedores.

13. a) Data provisional, se se coñece, do lanzamento dos procedementos de adxudicación do ou dos contratos.

b) Tipo de procedemento de adxudicación (restrinxido ou negociado).

c) Importe e modalidades de pagamento de calquera cantidade que deba pagarse para obter a documentación relativa á consulta.

ANEXO V

Anuncio sobre contratos adxudicados

I. Información que se publicará no «Diario Oficial das Comunidades Europeas»

1. Nome e enderezo da entidade contratante.

2. Natureza do contrato (subministración, obras ou servizos, indíquese, se é o caso, se se trata dun acordo marco).

3. Polo menos, un resumo da índole e a cantidade dos produtos, obras ou servizos subministrados.

4. a) Forma da convocatoria de licitación (anuncio sobre o sistema de clasificación, anuncio periódico, solititude pública de ofertas).

b) Referencia da publicación do anuncio no «Diario Oficial das Comunidades Europeas».

c) No caso de contratos adxudicados sen convocatoria de licitación previa, indícase a disposición pertinente do artigo 25 ou referente ós servizos incluídos no anexo VI B.

5. Procedemento de adxudicación do contrato (procedemento aberto, restrinxido ou negociado).

6. Número de ofertas recibidas.

7. Data de adxudicación do contrato.

8. Prezo pagado polas compras de ocasión realizadas en virtude da letra j) do artigo 25.

9. Nome e enderezo do ou dos provedores, do ou dos contratistas ou do ou dos prestadores de servizos.

10. Indicar, se é o caso, se o contrato foi cedido ou pode cederse en subcontrato.

11. Prezo pagado ou prezo da oferta máis elevada e da máis baixa que se tivesen en conta na adxudicación do contrato.

12. Información facultativa:

Porcentaxe do contrato que poida subcontratarse a terceiros e importe deste;

Criterio de adxudicación do contrato.

II. Información non destinada á publicación

13. Número de contratos adxudicados (cando se dividise o contrato entre máis dun provedor).

14. Valor de cada contrato adxudicado.

15. País de orixe do produto ou do servizo (orixe comunitaria ou non comunitaria, desagregada, neste último caso, por países terceiros).

16. Indicar se se recorreu ás excepcións ó uso das especificacións europeas recollidas no artigo 14 e, se é o caso, indicar a cá delas.

17. Indica-lo criterio de adxudicación empregado (oferta máis vantaxosa desde o punto de vista económico, prezo máis baixo).

18. Indicar se se adxudicou o contrato a un licitador que, en virtude do artigo 46, ofrecía unha variante.

19. Indicar se existiron ofertas que non se aceptaron por ser anormalmente baixas, de conformidade co artigo 47.

20. Data de envío do anuncio pola entidade contratante.

21. Respecto dos contratos que teñan por obxecto servizos que figuran no anexo VI B, conformidade da entidade contratante para a publicación do anuncio (punto 2 do artigo 50).

ANEXO VI-A

Categoría	Designación de servicios	Número de referencia CCP
1	Servicios de mantemento e reparación.	6112, 6122, 633, 886.
2	Servicios de transporte por vía terrestre (1), incluídos servicios de furgóns blindados e servicios de mensaxería, excepto transporte de correo.	712 (excepto 71235), 7512, 87304.
3	Servicios de transporte aéreo de pasaxeiros e carga, agás transporte de correo.	73 (agás 7321).
4	Transporte de correo por vía terrestre (1), agás ferrocarril e por vía aérea.	71235, 7321.
5	Servicios de telecomunicación (2).	752
6	Servicios financeiros: a) Servicios de seguros. b) Servicios bancarios e de investimentos (3).	Ex. 81812, 814.
7	Servicios de informática e servicios conexos.	84
8	Servicios de investigación e desenvolvemento (4).	85.
9	Servicios de contabilidade, auditoría e mantemento de libros.	862.
10	Servicios de estudos de mercado e enquisas de opinión pública.	864.
11	Servicios de consultores de dirección (5) e servicios conexos.	865, 860.
12	Servicios de arquitectura. Servicios de enxeñería e servicios integrados de enxeñería. Servicios de planificación urbana e servicios de arquitectura paisaxística. Servicios conexos de consultores en ciencia e tecnoloxía. Servicios de ensaios e análises técnicas.	867.
13	Servicios de publicidade.	871.
14	Servicios de limpeza de edificios e servicios de administración de bens raíces.	874, 82201, 82206.
15	Servicios editoriais e de imprenta, por tarifa ou por contrato.	88442.
16	Rede de sumidoiros e eliminación de refugallo. Servicios de saneamento e servicios similares.	94.

(1) Exceptuando os servicios de transporte por ferrocarril incluídos na categoría 18.

(2) Exceptuando os servicios de telefonía de voz, de télex, de radiotelefonía móbil de buscapersoas e telecomunicación por satélite.

(3) Exceptuando os contratos de servicios financeiros relativos á emisión, compra, venda e transferencia de títulos ou outros instrumentos financeiros e os servicios prestados polos bancos centrais.

(4) Exceptuando os contratos de servicios de investigación e desenvolvemento distintos daqueles, os resultados dos cales corresponden á entidade contratante para o seu uso exclusivo, sempre que esta remunere integramente a prestación do servicio.

(5) Exceptuando os servicios de arbitraje e conciliación.

ANEXO VI-B

Categoría	Designación de servicios	Número de referencia CCP
17	Servicios de hostalería e restaurante.	64.
18	Servicios de transporte por ferrocarril.	711.
19	Servicios de transporte fluvial e marítimo.	72.
20	Servicios de transporte complementarios e auxiliares.	74.
21	Servicios xurídicos.	861.
22	Servicios de colocación e subministración de persoal.	872.
23	Servicios de investigación e seguridade (agás servicios de furgóns blindados).	873 (agás 87304).
24	Servicios de educación e formación profesional.	92.
25	Servicios sociais e de saúde.	93.
26	Servicios de lecer, culturais e deportivos.	96.
27	Outros servicios.	

ANEXO VII

Anuncio de concurso de proxectos

1. Nome, enderezo, números de teléfono, telégrafo, télex e telefax do poder adxudicador e do departamento no que pode obterse a información pertinente.

2. Descrición do proxecto.

3. Tipo de concurso: aberto ou restrinxido.

4. Cando se trate de concursos abertos, data límite de recepción dos proxectos.

5. Cando se trate de concursos restrinxidos:

a) Número previsto ou número mínimo e máximo de participantes.

b) Se é o caso, nome dos participantes xa seleccionados.

c) Criterios que se aplicarán para selecciona-los participantes.

d) Data límite de recepción das solicitudes de participación.

6. Se é o caso, indíquese se a participación está reservada a unha determinada profesión.

7. Criterios que se aplicarán para valora-los proxectos.

8. Se é o caso, nome dos membros do xurado seleccionados.

9. Posibilidade de que a decisión do xurado sexa obrigatoria para o poder adxudicador.

10. Se é o caso, número e importe dos premios.

11. Se é o caso, posibles pagamentos ós participantes.

12. Posibilidade de que se adxudiquen contratos de execución ós gañadores.

13. Información complementaria.

14. Data de envío do anuncio.

15. Data de recepción do anuncio pola Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas.

ANEXO VIII

Resultados de concursos de proxectos

1. Nome, enderezo; números de teléfono, telégrafo, télex e telecopiadora da entidade contratante.

2. Descrición do proxecto.

3. Número total de participantes.

4. Número de participantes estranxeiros.

5. Gañador(es) do concurso.

6. Se é o caso, premio(s) concedido(s).

7. Información complementaria.

8. Referencia ó anuncio do concurso.

9. Data de envío do anuncio.

10. Data de recepción do anuncio pola Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas.

30154 LEI 49/1998, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1999. («BOE» 313, do 31-12-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os orzamentos xerais do Estado para 1999 son continuadores da política de rigor na redución do déficit público e disciplina no gasto que se empezou a aplicar en 1996. Con iso vaise asegurar non só cumpri-lo obxectivo máis esixente de consolidación fiscal que impón a moeda única, senón tamén reforza-las condicións que definen o novo patrón de comportamento da economía española, caracterizado pola compatibilidade dun crecemento económico sostido co control dos desequilibrios básicos da economía, que se está a traducir nun forte ritmo de creación de emprego.

A principal característica destes orzamentos, os primeiros que se elaboran no seo da Unión Económica e Monetaria europea, é que neles se recollen as esixencias de estabilidade que van rexer na moeda única. A Unión Monetaria vai supor, en efecto, unha maior disciplina orzamentaria no marco dos compromisos fiscais máis estritos asinados no Pacto de Estabilidade e Crecemento. E, no novo contexto da integración europea, a política fiscal vai se-lo principal instrumento en mans das autoridades nacionais para preserva-los obxectivos de estabilidade macroeconómica.

Para España esta maior esixencia non vai supor un cambio de orientación da política económica emprendida, na que os eixes básicos foron e seguirán sendo a redución do déficit público e saneamento das finanzas públicas e a flexibilización e liberalización de sectores económicos claves. Polo contrario, o acceso á moeda única como membros fundadores e os resultados conseguidos cos dous últimos anos constitúen o principal apoio para seguir actuando nesta liña.

No plano orzamentario, o escenario actual de crecemento equilibrado da economía española esixe destinala máxima marxe posible a reduci-lo déficit público. Isto é esencial para unha política fiscal activa que contribúa a consolida-las expectativas de estabilidade de prezos e baixos tipos de xuro que continuarán nos próximos meses, o que permitirá seguir facilitando o financiamento do sector privado da economía e con iso estimula-lo crecemento económico e a creación de emprego.

En primeiro lugar, o groso da redución do déficit seguirá recaendo na contención do gasto. En 1999, e por terceiro ano consecutivo, o gasto público crecerá por debaixo da taxa de aumento nominal do Producto Interior Bruto (PIB). Pero, ademais, o maior esforzo de austeridade concéntrase no gasto corrente, o que permite destinar maiores recursos ós gastos de capital, cun crecemento sensiblemente superior ó do PIB que garante o aumento dos investimentos que favorecen o crecemento potencial a medio prazo.

A iso hai que lle unir que os investimentos volven ser superiores ó déficit previsto, cumprindo de novo a chamada regra de ouro das finanzas públicas que consolida o cambio de signo que se produciu por primeira vez en 1997. Isto quere dicir que o Estado está a xerar un importante volume de aforro que permite financiar parte do investimento público sen necesidade de recorrer a un maior endebedamento.

Finalmente, e aínda que o descenso dos tipos de xuro, favorecido polo propio proceso de consolidación fiscal, alixeiou de maneira notable a carga financeira da débeda, o recorte do gasto centrouse de maneira importante no compoñente primario. É dicir, a redución do déficit público estase conseguindo a partir dunha contención do gasto á marxe dos gastos financeiros, o que reforza a sostibilidade orzamentaria a medio prazo.

A política de austeridade e control do gasto que se vén aplicando desde hai dous anos, permite contar agora cunha maior marxe non só para fixar unha senda máis esixente de redución do déficit público senón tamén para poder reduci-la presión fiscal compatible cunha reestruturación do gasto cara a aquelas políticas que máis favorecen o benestar e a solidariedade social, o crecemento económico e o emprego.

O investimento en infraestruturas, en capital humano, tanto en educación como en formación dos traballadores, e en investigación e desenvolvemento tecnolóxico son capítulos fundamentais para asegura-la competitividade e o crecemento futuro da nosa economía. Os orzamentos para 1999 aumentan considerablemente os recursos destinados a estas políticas de gasto, con dúas características que reforzan a estabilidade destas actuacións no futuro: en primeiro lugar, a xeración dun nivel crecente de aforro público que permite financiar parte do investimento público sen recorrer ó déficit; e, en segundo lugar, a positiva evolución do mercado laboral, liberando recursos antes destinados ó pagamento das prestacións por desemprego que se destinarán a dotar de maiores fondos as políticas activas de emprego e formación profesional.

Finalmente, os orzamentos para 1999 aseguran os niveis de cobertura e protección do gasto social con tres medidas fundamentais: o incremento das pensións públicas igual á inflación para 1999, o que garante mante-lo seu poder adquisitivo; o aumento dos recursos des-